

Primaria

3º NIVEL

Programación didáctica

*Rosa María Cajade Rodríguez
María del Carmen Casal Tato
María Tareixa Díaz Martínez
Remedios Pedrosa Fernández
José Luis Alamancos Couso*

- 3º Nivel de Primaria -

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS DE ETAPA
3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. METODOLOXÍA
6. ELEMENTOS TRANVERSAIS
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
9. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC, AO PLAN DE CONVIVENCIA E ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.
12. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN
13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
15. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA
16. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS
17. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación é deseñada para alumnos e alumnas de 3º nivel de Educación Primaria. Trátase de un grupo de 24 nen@s, este curso incorpórase un alumno provinte doutro centro. Un grupo formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e máis, tendo en conta o confinamento debido ao COVID19 do segundo terceiro trimestre do pasado curso. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un dos alumnos e alumnas e a súa situación, así como aos diferentes estilos de aprendizaxe condicionados pola situación sanitaria . A programación didáctica incorpora as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial, no caso de ser necesaria. Dacordo ás **Instrucións do 31 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, contemplamos os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, onde se porá en marcha o funcionamento da aula virtual para poder traballar nestes posibles escenarios e facer un axeitado seguimento e avaliación do noso alumnado. Partirase dunha situación a 16 de marzo, cando se pechan escola e nos pasamos a unha nova maneira de traballar, a telemática onde todos os componentes da Comunidade Educativa poñemos todos os medios para conseguir o éxito do alumnado deste nivel que traballaron a reo. Realizaremos no mes de setembro unha avaliación diagnóstica inicial para realizar unha programación axeitada partindo da nova realidade que imos a atopar, ademais de revisar os informes individualizados feitos en xuño. Eu como titora teño a sorte de poder continuar co mesmo grupo , polo que o punto de partida é o desexable e envexable, coñezo a miña realidade dunha maneira moi directa e intensa.

Os/as alumnos/as aprenden a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición de contidos e competencias, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

Debemos conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE facendo especial fincapé nas Competencias Sociais e Cívicas e Aprender a Aprender. Por outra parte, incorporar tamén o conxunto de Elementos Transversais neste proceso de aprendizaxe para a convivencia. Tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física, a dieta equilibrada e toda aprendizaxe dirixida ao desenvolvemento dunha vida respectuosa, responsable e plena.

Nun mundo cada vez máis globalizado, o dominio no uso das novas tecnoloxías faise necesario, tanto no aspecto comunicativo como de búsqueda de información.

O profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno/a e a procura do desenvolvemento do talento particular de cada un/ha deles/as ademais de traballar as emocións dende o momento cero, tendo en conta a situación COVID que nos está tocando vivir. Tamén deberá preparar e organizar o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo, coordinar accións impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese d@ alumn@ cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa parte, o alumnado deberá participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo o centro e a razón de ser da educación.

Mencionar que toda a programación ideada para un curso escolar verase condicionada á normativa do **Plan de adaptación a situación COVID elaborado polo centro** e que marca toda unha serie de normas que temos que seguir mentres nos vexamos nesta situación de crise sanitaria pola pandemia.

1.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán/dá competente, que sexa consciente do que fai e o que di de forma creativa e autónoma.

Dende todas as áreas, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interatúan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ten que ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Destaca o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: @ alumn@, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral d@ alumn@. Polo tanto, a institución escolar non so prepara aos/ás nenos/as no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/dá, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos/ás demais, responsabilidade e cooperación.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta escola está situada en Arzúa, A Coruña. Hai 222 alumnos atendidos por 22 profesores. O colexio está equipado con 12 aulas, das cales 5 son de Infantil e as restantes de Educación Primaria.

Este centro educativo conta tamén cunha Biblioteca, unha aula de PT, dúas aulas de AL, dúas aulas de inglés, unha de música, unha de relixión católica, unha aula de informática con 11 ordenadores conectados a Internet, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres...

As súas **instalacións** están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala de mestres, a Biblioteca, a aula de audiovisuais, as oficinas, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para Educación Infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de **Inglés, Francés, Música, Relixión e de Educación física**. Asimesmo, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha **orientadora**, dúas **especialistas en Audición e Linguaxe** e unha **especialista en Pedagogía Terapéutica**.

A principal actividade económica das **familias** está vencellada á agricultura e gandería, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. O reparto de horas en Castelán e Galego farase seguindo a porcentaxe marcada no Proxecto Lingüístico do centro.

PRINCIPIOS XERAIS

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Esta Lei modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas, que se desenvolve no *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Esta programación didáctica fai referencia ao currículo vixente, publicado na *ORDE do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa*.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade e igualdade de oportunidades, a atención a diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para as diferentes etapas educativas está establecido no Decreto 130/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán

autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

Nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

A Orde EFP /5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

2. OBXECTIVOS DA ETAPA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta tamén os **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES** reflexadas na adaptación da programación de 2º nivel enviada no mes de maio do 2020, que foron traballados dende a distancia no confinamento e non se afondou como se fose ensino presencial e que se incidirá máis neles ao longo deste primeiro trimestre.

Ademais dos correspondentes ao 3º nivel:

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados. ▪ B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. ▪ B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Iniciación á actividade científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. O traballo cooperativo. ▪ B1.6. Técnicas de estudo e traballo. ▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. ▪ B2.2. As funcións vitais. ▪ Importancia dos sentidos en relación co medio. ▪ B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ g ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Saúde e enfermidade. ▪ B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.6 Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros... ▪ B2.7. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. ▪ B2.8. A relación cos demais. Toma de decisións. ▪ B2.9 A igualdade entre homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Pirámide alimentaria. ▪ B2.12. Análise de dietas equilibradas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ e ▪ l ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes. ▪ B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos. ▪ B3.3. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables. ▪ B3.4. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables. ▪ B3.5. Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia. ▪ B3.6. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. ▪ CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico. ▪ CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o 	<p>instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación. 	<p>na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Fontes de enerxía. A enerxía e os cambios. ▪ B4.2. Intervención da enerxía na vida cotiá. ▪ B4.3. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético. ▪ B4.4. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental. ▪ B4.5. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Cambios de estado da auga. ▪ B4.7. O ciclo da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.2. Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.3.2. Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espremedor, reloxo, pinzas, triturador...). ▪ B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ j ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas. ▪ B5.5. Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián. 	<p>resultados en diferentes soportes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CD

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias sociais. ▪ B1.2. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i 	<p>e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións. ▪ B1.4. Iniciativa emprendedora. Planificación, xestión e presentación dos proxectos co fin de acadar obxectivos. 	<p>a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material. ▪ B1.6. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área e do uso de textos de carácter social, xeográfico e histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3.Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ H 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Sistema solar: o Sol e os planetas. Deseño de maquetas, presentacións ou animacións empregando ás TIC como estratexia de reforzo da aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características. ▪ B2.3 Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3.As capas da Terra: características básicas. Formación dun volcán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Simulación da erupción dun volcán. Medidas para a prevención de danos.	externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> h g o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> h g o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Cartografía. Planos e mapas. O planisferio. Escalas sinxelas. Signos convencionais básicos. Orientación no espazo. Identificación sobre planos e mapas das diferentes rutas de acceso á escola, biblioteca,.. así como dalgúns elementos representativos da localidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> h g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Coñecemento e uso de diferentes técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo. Puntos cardinais. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.6.1. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7.A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ g ▪ i ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Tempo atmosférico. Instrumentos de medición de variables meteorolóxicas. Construción dunha estación meteorolóxica sinxela. As TIC para a recollida de datos e comparación da información obtida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Mapas do tempo atmosférico de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. O clima. Grandes zonas climáticas mundiais. Comparación do clima do contorno co de outras zonas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> h e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. O ciclo da auga: fases. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> h e o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Paisaxe: definición, elementos básicos que caracterizan as paisaxes de Galicia. Características. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
		<ul style="list-style-type: none"> B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> a d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento 	<ul style="list-style-type: none"> B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.15.1. Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	sostible e consumo responsable.	necesidade dun desenvolvemento sostible.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.15.2. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.A organización social, política e territorial da localidades e comarca (función e organización). Elaboración dun mapa conceptual de toda a organización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2.Manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.2.1.Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CEC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3.Realización dun estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo que simule a poboación dun municipio manexando os conceptos básicos da demografía e representando e interpretando os datos en gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3.Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.3.1.Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ H 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4.As actividades económicas e produtivas da localidade. Clasificación por sectores. Recursos naturais, materias primas e produtos elaborados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4.Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocíalos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.4.1.Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5.Educación Viaria. Adquisición de coñecementos básicos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5.Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.5.1.Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1.Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.1.2. Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais. ▪ B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.3. A mosa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CD

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CCL
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas. B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos. B2.3. Construción de estruturas con volume. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron. B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> a c 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo. B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> j i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas. B2.9. Compilación de imaxes para 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).	propias ou colectivas.	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA				
<ul style="list-style-type: none"> m k 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións. VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia. 	positiva.	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.3.3. Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CCL
<ul style="list-style-type: none"> b m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.5.1. Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. A iniciativa persoal. As accións creativas. A consecución de logros. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.6.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. A responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. A asunción dos propios actos. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.3.2. A mosa interese polos seus interlocutores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Empregar a aserción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6.A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.7.2. Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.1 A mosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social.	educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> c m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> d m 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> n 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.2 Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CMCT CD

A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias, Dependendo como se vaia desenvolvendo esta situación sanitaria iremos modificando esta programación, podendo chegar a incidir sobre todo no máis esencial do curso, aqueles contidos e competencias imprescindibles para acadar os mínimos esixibles. Todo o Plan de adaptación á situación COVID vai incidir nos tempos adicados ao traballo escolar polo que é urxente incidir, sobre todo, no máis esencial

EDUCACIÓN MUSICAL

- 1.Introdución
- 2.Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave
- 3.Concreción dos obxectivos para o curso
- 4.Estándares de aprendizaxe

5. Contidos. Temporalización da proposta didáctica
6. Concrecións metodolóxicas. Concrecións COVID 19. Plano da aula
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Medidas de atención á diversidade e programa de reforzamento
9. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso
10. Aplicacións dos plans e proxectos do centro

1. Introducción

O contacto coa música permítelle aos nenos/as comunicarse e convivir mellor coas outras persoas. A música achégalles seguridade e confianza porque teñen que compartir cancións e experiencias favorecendo a colaboración e o respecto mutuo. Ademais de mellorar a súa capacidade de aprendizaxe fomenta a concentración, a memoria e a expresión corporal. Por todos estes aspectos, esta programación ten como finalidade principal facilitar e fomentar o aprendizaxe, vivenciación e a afección pola música.

Cabe destacar a importancia da programación que nos permitirá poder responder ás necesidades e intereses tanto do alumnado como do mestre/a. Ademais de ter en conta as características socioculturais e evolutivas do alumnado, programar vainos permitir propiciar momentos que estimulen a autonomía, a cooperación, o pensamento crítico, o pensamento creativo e afianzar os coñecementos e os desempeños xa adquiridos.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo a Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de

2006, sobre as competencias clave para o aprendizaxe permanente, defíneas como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Dende a educación musical, con actividades de aprendizaxe e tarefas, debemos favorecer a adquisición eficaz das competencias clave:

- 1) Competencia en comunicación lingüística (CCL): a través dos contos e das cancións contribuímos a desenvolver a comprensión e expresión oral.
- 2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e Tecnoloxía (CMCT): podemos contribuír ao desenvolvemento das capacidades relacionadas coa competencia matemática grazas á práctica das figuras xeométricas nas danzas, ao cómputo e cálculo dos pulsos, acentos, equivalencias,... A Música fomenta a capacidade de interacción co mundo físico no seu tratamento dos sons do contorno e na escoita e interpretación de danzas e cancións do mundo. Cando estamos a gravar sons, producións ou seleccionando información mediante recursos multimedia contribuímos ao desenvolvemento das competencias clave en ciencias e tecnoloxía.
- 3) Competencia dixital (CD): a música permite unha gran diversidade de modos de tratar a información; o proceso de ensinanza aprendizaxe da Música resulta moi favorable para empregar o gran abano de medios tecnolóxicos dos que dispoñemos como poden ser a PDI, o ordenador,...
- 4) Aprender a aprender (CAA): mediante a improvisación, a composición, corrección e a análise das obras musicais, favorecemos a confianza, a perseveranza a través dos ensaios e o sentido da responsabilidade do alumnado; desta maneira, estamos encamiñándoos a que sexan conscientes do seu coñecemento, e incluso, a que constrúan a súa propia aprendizaxe.
- 5) Competencias sociais e cívicas (CSC): Contribúese dende a materia de Música grazas ao respecto ás diferenzas sociais, ás profesións, á relación cos compañeiros/as, á familia ... que se fomenta tanto no tratamento dos contidos coma nos obxectivos a acadar.
- 6) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): En Música, cando se elabora unha instrumentación, cando se crea

unha improvisación, cando nos decantamos por diferentes interpretacións das obras e, sobre todo, cando simplemente creamos música estamos a afianzar o sentido de iniciativa e a facer do espírito emprendedor, a nosa identidade.

7) Conciencia e expresións culturais (CEC): É esta competencia a máis vencellada á música; as actividades de escoita, interpretación así como movemento e danza favorecerán o desenvolvemento da mesma. Cando tratamos repertorio do noso folclore, de outras culturas ou diferentes manifestacións artísticas unidas á Música, estamos contribuíndo ó desenvolvemento desta competencia.

3. Concreción dos obxectivos para o curso

Segundo o Decreto 105/2014 os obxectivos son “os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente eficaz de problemas complexos”.

Ó longo deste 3º curso de Educación Primaria, vamos a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan acadar os seguintes obxectivos:

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe avaliábelos pódense definir como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumno/a debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

Os propostos para 3º de Educación de Primaria son os seguintes:

Bloque 1: escoita

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.

Bloque 2: Interpretación musical

- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.

- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.
- Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

Bloque 3: Música, movemento e danza

- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
- Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

5. Contidos: Temporalización da proposta didáctica

Tal e como se recolle na LOMCE, os contidos son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os que traballaremos no terceiro curso de Educación Primaria son os seguintes:

Bloque 1. Escoita

- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Asistencia a algunha representación musical.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Acento e pulso.
- Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
- Compases binarios e ternarios.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.

Bloque 2: Interpretación musical

- Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
 - Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.
 - Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.
 - Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.
 - Dobre barra e DC.
 - Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.
 - Ditados melódicos sinxelos.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
- Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

- Construción dun instrumento.

Bloque 3: Música, movemento e danza

- Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.
- Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.
- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

Entendemos por **temporizar** á acción de distribuír o tempo dun proceso. A presente programación está deseñada tendo en conta a ORDE de 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Consta de 24 unidades didácticas distribuídas en 1 ou 2 sesións de 50 minutos.

Na táboa que presentamos a continuación podemos ver a distribución por trimestres.

6. Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a aprendizaxe por competencias, a metodoloxía será eminentemente activa, a través de estratexias interactivas, a realización de proxectos colaborativos e o emprego das novas tecnoloxías, centrando a atención na creación. Para garantir a aprendizaxe significativa, os contidos presentaránse dun xeito eminentemente práctico e baseado na percepción sensorial, favorecendo a activación dos coñecementos previos do alumnado. Os principios construtivistas, enfatizan na necesidade de establecer conexións (a través das actividades de movemento, o canto e a práctica instrumental) para favorecer a integración dos novos contidos na estrutura cognitiva do alumno (por medio da análise e a lectoescritura) permitindo a comprensión e asimilación que posibilita a súa aplicación en situacións semellantes a través da transferencia (improvisación e creación). Estarán presentes os métodos e recursos propostos por Dalcroze, Orff, Kodály e Wuytack. O método Dalcroze, parte do movemento e o propio corpo como base para a educación rítmica. Ben a través do emprego da percusión corporal ou de actividades de movemento. O método Orff baséase na relación linguaxe-corpo-instrumento. Empregaremos o instrumental proposto por Orff, para interpretar e acompañar as pezas. Seguiremos o seu principio “todos tocan todo”. Dentro da metodoloxía Orff destaca o traballo realizado polo


seu discípulo J.Wuytack con respecto ás danzas do mundo e o uso do musicograma. O método Kodály toma como base da educación musical o canto e ademais propón a instrumentación de obras clásicas da historia da música. Selección de actividades de ensinanza e aprendizaxe As actividades de ensinanza e aprendizaxe estarán condicionadas polos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Baixo a perspectiva do construtivismo seleccionaranse as que estean baseadas nesta metodoloxía e que resulten mais motivantes, significativas, funcionais que impliquen a disonancia cognitiva e permitan diferentes ritmos de aprendizaxe. As actividades serán de motivación introdución, de desenvolvemento, de diagnóstico, de síntese, de reforzo e ampliación e de avaliación. Avaliación A avaliación das aprendizaxes é un proceso, a través do cal se observa, recolle e analiza información relevante, respecto do proceso de aprendizaxe dos estudantes, coa finalidade de reflexionar, emitir xuízo de valor e tomar decisión pertinentes e oportunas para mellora o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Concrecións metodolóxicas COVID19

Dadas as circunstancias especiais que condicionan todo o proceso educativo en todas as súas variables, favorecerase a metodoloxía en rede. Os materiais e recursos didácticos serán presentados de xeito telemático a través da aula virtual do centro (libro dixital interactivo) ademais de en soporte impreso individual para cada alumno/a. No posible caso de ensino non presencial, efectuarase o seguimento do alumno coa presentación dos traballos de dito libro dixital interactivo, o material en formato pdf que está na aula virtual e a través dos diferentes medios telemáticos.

No que respecta ás metodoloxías e pedagogos anteriormente mencionados, optarase sempre por recursos e métodos que prioricen a expresión musical, en todas as súas variables, sen necesidade de compartir instrumentos, que supoñan desplazamentos no espazo ou que prescindan das máscaras para o seu desenvolvemento (fruta doce). Poden ser prosodia rítmica, audición activa, discriminación auditiva, expresión cormporal...

No que respecta ao reforzo e recuperación dos contidos do trimestre do curso 2019/2020 é de sinalar que, ao tratarse de contidos que se desenvolven de xeito cíclico, farase fincapé nos mesmos tendo en conta o grado de adquisición dos mesmos do alumnado.



7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado, procedementos e instrumentos de avaliación.

A **avaliación** realizarase de maneira continua ao longo de todo o proceso educativo por medio da observación directa e sistemática do alumnado e o rexistro da mesma no caderno de aula. Os procedementos que empregaremos ademais da observación sistemática, será a análise de produción dos alumnos e os intercambio orais cos alumnos. Nas rúbricas de avaliación rexistraranse os progresos do alumnado en relación a cada un dos estándares de aprendizaxe relacionados coas interpretacións vocais, instrumentais e coa expresión corporal, Ao longo do proceso tamén se realizará unha autoavaliación docente do proceso de ensino a través da reflexión. Os ámbitos que se deben avaliar son: a preparación das clases e dos materiais, a metodoloxía, a avaliación das aprendizaxes e a información que se dá aos alumnos e ás familias do proceso educativo e a adecuación das medidas para a atención á diversidade.

Os **criterios de avaliación** están ligados ós obxectivos e contidos e indican o grao de adquisición das aprendizaxes pretendidas nos obxectivos xerais. Recóllense no decreto de currículo de Galicia. Os propostos para o terceiro curso de Educación Primaria son os seguintes:

Bloque 1. escoita

- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

Bloque 2. Interpretación musical

- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

Bloque 3. Música, movemento e danza.

- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

Como criterios de avaliación teremos en conta o rexistro dos estándares e o grao de desenvolvemento das competencias.

Os **instrumentos** empregados para a avaliación serán:

Instrumentos	Rúbrica	Escala de apreciación	Listaxe de cotexo	Portfolio	Proba oral
Porcentaxe	50%	20%	15%	10%	5%

A nota de cada trimestre será calculada en base ao cómputo dos estándares de aprendizaxe avaliados nese trimestre. A cualificación será numérica e aparecerá reflectida no boletín cuberto a través do programa informático XADE.

O alumnado superará a materia cando obteña unha avaliación final positiva, resultante de valorar os estándares segundo o peso específico de cada un deles. Para a promoción terase en conta o grao de desenvolvemento e progreso en todas as áreas.

En todo momento estará a disposición das familias a información do proceso de avaliación (criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliados, estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción

8. Medidas de atención diversidade e programa de reforzo

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

En cada unha das Unidades didácticas de cada nivel, figuran medidas concretas de atención á diversidade, que se concretarán coas Necesidades Específicas de Apoio Educativo de cada neno en concreto, tanto se son de sobredotación intelectual, como se necesitan un tratamento de adaptación dos contidos ou se por seren estranxeiros descoñecen unha ou as dúas linguas oficiais de Galicia. Para iso teremos programadas actividades de ampliación e reforzo.

Como principio xeral, todos os nenos farán as actividades programadas, en especial as colectivas ou en pequenos grupos: cantos colectivos, acompañamentos instrumentais, coreografías, danzas, etc. Os nenos de A.C.I, que teñan unha adaptación tamén en Música, levarán un ritmo distinto para aquelas actividades que necesiten facelas doutro xeito, máis simplificadas, sinxelas ou distintas dependendo das propias características do alumno/a.

Os/as nenos/as que precisen axuda especial por mor de non aprobar algunha avaliación ou non ter feito algún traballo, realizarán actividades de reforzo de distinto tipo: fichas, exercicios de movementos, exercicios rítmicos, instrumentais, etc.

9. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso

Os elementos transversais constitúen o conxunto de saberes fundamentados en actitudes, valores e normas que dan resposta a algúns problemas sociais existentes na actualidade tal e como ven reflectido no Decreto 105/2014. Incorporáronse á educación como aspectos do noso mundo que deben ser abordados dende unha perspectiva moral.

Dende a materia de música vamos a contribuír ao desenvolvemento de estes valores:

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais , a cores , números ata o 100, preposicións, días da semana , roupa, materiais e escolares , roupa, adxectivos para describir persoas , partes do corpo e a cara , deportes, equipamento deportivo , actividades ao aire libre , comida, moedas, estado e sentimentos , tempo atmosférico , días da semana, meses, accións, materiais, animais salvaxes, partes do corpo e da cara, e partes da casa.

3.5. METODOLOXÍA

3.5.1. METODOLOXÍA XERAL

As bases metodolóxicas son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os coñecementos previos; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
- A aprendizaxe competencial pretende que cada alumn@ esté preparado para poder afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.
- As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe. A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentir as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén á súa socialización.
- As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para @s máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.
- A aprendizaxe d@s nen@s é maior e de máis calidade se se basea na actividade se @ alumn@ é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa @ alumn@ debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao/á individu@ na interacción c@s demais, avaliar o que fan @s nen@s, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para @ alumn@, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- A avaliación do proceso individual e grupal do alumnado na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.
- A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo. É importante que as actividades que leven a cabo na área de lingua estranxeira estén interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo

coñecemento de si mes@ e cunha exploración do mundo que lles rodea, a súa casa , o seu colexio , o seu medio e a súa sociedade en xeral.

- Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia. Con todo o que o alumnado aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, e debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.
- Por iso, as Competencias clave poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.
- Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.
- O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e as ambiental/is.
- O ensino da Lingua Estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:
 - a. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
 - b. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
 - c. escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
 - d. ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

- e. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.
- f. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- g. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- h. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- i. Identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

3.5.2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA A SEGUIR NAS MODALIDADES PRESENCIAL, NON PRESENCIAL e SEMIPRESENCIAL.

O traballo da Lingua Inglesa desenvolverase na Aula Virtual do CEIP de Arzúa (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/>) ((3º, Lingua Inglesa) en todas as modalidades (presencial, non presencial e semipresencial), así como o libro de texto Rooftops 3. O traballo na Aula Virtual está estruturado en torno a centros de interés ou unidades didácticas. Estas unidades teñen de centro de interés un campo semántico: *Family, School, At Home, The Time, Sports, Jobs, etc* ou unha situación comunicativa (*Self Introduction, At the Shop, etc*).

Como resultado do teletraballo durante o confinamento do curso pasado, o traballo na Aula Virtual de 3º estruturouse en torno aos temas do libro (*Rooftops 3.- Unidade 1, 2, 3...*) e concentramos alí todas as actividades relacionadas co tema, coa finalidade de simplificar o traballo aos/ás nen@s e as familias deste alumnado máis miudo. Nestes temas, incluímos:

- Un resumo do tema (vocabulario e estruturas)
- Resumos das estruturas gramaticais vistas ata o momento, así como ampliación dos contidos.

- Tarefas globais ou proxectos como o *Challenge*, ou desafío, onde @s nen@s teñan que gravar un video falando en inglés coa súa familia.
- Videos explicativos das estruturas repasadas e ampliadas.
- Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estruturas usadas en clase.
- LIVE worksheets (fichas que, unha vez feitas, a propia aplicación envía á profesora, facilitando o seguimento do traballo feito polo alumnado).
- Xogos de *Genially* de repaso do tema tratado.
- Xogos, contos, cancións e debuxos animados (*Peppa Pig, Pocoyo, Cayou, Horrid Henry, Wallace and Grommit, etc*, onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira).

Nas outras unidades deste nivel tamén incluímos:

- Presentación do vocabulario e estruturas usadas nese contexto.
- Videos que introducen o vocabulario e estruturas.
- Resumos das estruturas gramaticais traballadas na unidade.
- HELP-Videos (en español e inglés) explicativos das estruturas gramaticais (subidos especificamente para a modalidade non presencial).
- Un enlace ao *Class Book* de *Rooftops 3* que nos será proporcionado pola editorial para facilitar o traballo no caso de novo confinamento.
- Videos con diálogos en contextos reais e repaso de vocabulario e estruturas usadas en clase.
- LIVE worksheets (fichas que, unha vez feitas, a propia aplicación envía á profesora, facilitando o seguimento do traballo feito polo alumnado na modalidade presencial, non presencial ou mixta).
- Fichas para imprimir, no caso da modalidade presencial.
- Xogos, contos, cancións e debuxos animados con subtítulos en inglés (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira).
- Tarefas globalizadas ou Proxectos (*Challenges, In the Kitchen, etc*) relacionados coas situacións comunicativas traballadas que requiren a posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didactico, actividades que favorezen a auto -aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.

Tamén se dispón na Aula Virtual dos enlaces ás reválidas de 3º dos últimos anos, coa intención de repasar e practicar con estas probas a competencia lingüística xa que valoran a comprensión oral, escrita e a expresión escrita.

Tanto na modalidade non presencial como na mixta, a información e indicacións do traballo a realizar na Aula Virtual , especificarase no apartado Axenda da Aula Virtual. Na modalidade semipresencial, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente a comunicación oral, resolver dúbidas e explicación de novos contidos.

No caso da modalidade non presencial ou semipresencial, o alumnado enviará as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEWORKSHEETS, correo electrónico e whatsapp. Importante a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares. Cada nen@ recibirá o feedback ao seu traballo, coas correccións necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades.

Facilitarase ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que poidan precisar.

Tamén se crearán Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviarán todas as indicacións subidas a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e onde a comunicación con cada familia será a nivel individual. A dispoñibilidade horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Manterase contacto coas familias nas que o alumnado presente máis dificultades, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.

Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe. Tamén se leva a cabo o programa de enriquecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.

3.5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na aula traballárase nun entorno dixital: Aula Virtual do CEIP de Arzúa e libro de texto ROOFTOPS 3 - Oxford University Press que consta de: *Guía do Profesor* , *Libro do Alumno* , *Audio CDs* , *Teacher's Resource Pack* , *Caderno de Avaliación* , *DVD*, *IPACK* e recursos na web *Oxford Online Learning Zone*.

A lingua inglesa do segundo ciclo traballa os contidos en torno a centros de interese e situacións comunicativas, favorecendo sempre o diálogo e a interacción. Tamén se usarán fichas impresas dende a rede, xogos de mesa, etc. Usaranse, así mesmo, diferentes contextos e situacións de aprendizaxe, de ser posible, como o patio escolar, a biblioteca, a rúa, o campo, etc.

3.5.4. ACTIVIDADES

Actividades de inicio da lección

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van a traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adoita facerse a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte dixital, vídeos, material real, flashcards, posters, cancións, etc.

Actividades de desenvolvemento da lección

As actividades de aprendizaxe están relacionadas cos seguintes ámbitos:

Expresións utilizadas nas diferentes situacións comunicativas.

Vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais. (Vocabulary).

Lectura e comprensión de textos (Reading).

Estruturas gramaticais (Grammar).

Sonidos estudados (Pronunciation).

Comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (Listening and Speaking).

Comprensión e a expresión escrita (Writing).

Actividades de reforzo e ampliación

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos @s alumn@s podan atopar algún que esté de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas actividades actúan como unha extensión para aquel@s alumn@s sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

Actividades de desenvolvemento de Competencias clave

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se inclúen:

Brainstorming

Role-plays

Actividades interactivas

Actividades na pizarra dixital

Actividades en grupo

Interpretacións de datos, gráficas, etc.

Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades de avaliación

A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

Actividades de avaliación formativa, onde @ profesor/a avaliará o traballo continuado do alumnado e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades.

Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación.

Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumnado iniciase en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas.

Complementarias

Neste tipo de actividades incluíríanse: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona, etc.

3.5.5. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

O tempo, entendido como o dedicado ao ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.

As clases de Inglés desenvolveranse na aula ordinaria mentras dure a situación crítica da pandemia, podendo desenvolverse na Aula de Inglés se as circunstancias o permiten. O agrupamento do alumnado será individual a unha distancia de 80cm máis ou menos nas chamadas “aulas burbulla”, según as instrucións da Consellería, que non indican distancia mínima para o agrupamento do alumnado nunha aula.

Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, a organización dos alumnos realízase da única maneira posible, dadas as circunstancias sanitarias: traballo individual.

Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, na actualidade, cada vez máis variados. A aula deixou de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. Cada centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se da lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensino da materia.

3.5.5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

Resulta evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previas de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións no ensino.

Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que tódol@s alumn@s podan alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma maneira, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumn@s máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente se deberá atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser conscientes en todo momento desas diferenzas, á hora de avaliar, e tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación adecuado ás necesidades deses alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumn@s con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumn@s con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.

Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos opcionais, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

3.6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

2. Fomentárase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Traballarase o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

4. Desenvolverase e afianzarse o espírito emprendedor. Fomentárase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun/ha mesm@ e o sentido crítico.

5. No ámbito da educación e da seguridade viaria promóveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

3.7. AVALIACIÓN

A aprendizaxe d@s alumn@s deben ser avaliados sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require cando as aprendizaxes dos alumnos non respondan ao que, a priori, se espera del@s.

Se partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se @ alumn@ as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nesas situación, o habitual é que @ alumn@ se sirva desa bagaxe acumulada pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o logro dos obxectivos do curso, como o grado de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que queremos avaliar, hai varios tipos de avaliación:

A avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar coas finais de avaliación e de curso. Haberá outras avaliacións, como a inicial e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino. Ao finalizar 6º de primaria deberá tamén demostrar o grado de adquisición das Competencias clave, así como o logro dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e constarán nun informe entregado ás familias ou tutores e que terá carácter informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe d@s alumn@s, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis adecuados para eles.

3.7.1. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula.

No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguemento sistemático d@s alumn@, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolve, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resúmenes, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

Na avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que podan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia.

Respecto á avaliación por competencias, dado que son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis e desglosalas para que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, para o que temos os chamados indicadores.

3.7.2. RECURSOS DE AVALIACIÓN

3.7.2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o terceiro curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira organízanse en cinco grandes bloques.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Comprender o sentido xeral , e a información máis relevante en interaccións verbais , con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.

B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do s entido xeral , e a información máis relevante do texto.

B1.3. Discriminar patróns sonoros , rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa .

Bloque 2. Producción de textos orais

B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata , de obxectos , así como de expresar os seus gustos e intereses , usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente , normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).

B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares , aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas .

B2.3. Producir patróns sonoros , acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario .

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas , exclamacións, interrogacións e interrogacións .

B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral , e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

Bloque 4. Producción de textos escritos

B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado , compostos de frases simples illadas , nun rexistro neutro , utilizando con razoablecorrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación , para falar de si mesmo /a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá , en situacións familiares e predicibles .

B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que uti liza normalmente ao falar , cunha ortografía aceptable .

B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente .

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivam ente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto .

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente .

B5.4. Obter e dar información básica persoal , a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula .

B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño , cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico

B5.6. Expresar a localización dos obxectos .

B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.

B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados .

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.

PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.

PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora .

PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.

PLB3.6. Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos .

Bloque 4. Producción de textos escritos

PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral .

PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida .

PLEB4.3. Escribe textos sinxelos , organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.

PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).

PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como , por exemplo , onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto , que hora é , cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.

PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo /a e da súa contorna inmediata de xeito elemental

PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada , ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.

PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación .

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

PLEB5.1. Pregunta e responde para dar /obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.

PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).

PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.

PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos .

PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.

PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións , mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.

PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para , por exemplo , desenvolverse nas interaccións mais habituais .

PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc .

PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula , ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

PLEB5.11. Participa de forma activa , cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais .

PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna .

PLEB5.13. Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas .

PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.

RELIXIÓN

1. Obxectivos en clave de Competencias do Terceiro Curso

- Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
(*Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística*)
- Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.
(*Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística*)
- Coñecer e manexar a *Biblia* recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
(*Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, aprender a aprender*)
- Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
(*Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender a aprender*)

- Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

(Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)

- Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.

(Competencia lingüística, Competencia humanizadora, Aprender a aprender)

- Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristián.

(Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente)

- Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e no servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores.

(Competencia social e cívica, Competencia sentido e transcendencia, Competencia humanizadora)

- Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.

(Competencia ético-moral, Competencia humanizadora)

- Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.

(Competencia humanizadora, Competencia ético-moral, Competencia de sentido transcendente)

- Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

(Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)

- Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

(Competencia epistemolóxica, Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)

2. Contidos do Terceiro Curso

1. A acción de Deus creador do home e da muller, superiores a todo o creado. Valores que xorden da creación, a fraternidade.

2. A confianza en Deus. Xesús puxo a súa confianza no seu Pai Deus.

3. A ruptura do ser humano con Deus polo pecado.

4. A resposta de Deus á separación do ser humano amosando a súa misericordia. O perdón, unha nova oportunidade.

5. A celebración da chegada de Xesús no Nadal. O sentido do Nadal.
6. A salvación de Deus chéganos coa morte e coa resurrección de Xesús, Salvador, vencedor do pecado e da morte, vive para sempre.
7. A acción do Espírito Santo está sempre presente na Igrexa.
8. Os sacramentos da Igrexa. A reconciliación.
9. A fe e o seguimento dos apóstolos é a súa resposta ao amor que Xesús lles amosa.
10. O mandamento do amor a Deus e ao próximo e os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.
11. O valor das festas relixiosas e a acción de grazas a Deus nas mesmas.
12. O cristián realiza un camiño que culmina na vida eterna. A esperanza cristiá.

3. Criterios de avaliación do Terceiro curso

- Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e convida o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.
- Tomar conciencia de que Deus axuda ao home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forza para vencer o mal. Confiamos en Xesús como El confiou no seu Pai Deus.
- Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. Ás veces temos fallos, deficiencias, ofensas.
- Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoo ao que se arrepiñe.
- Coñecer que o home non é como lle gustaría ser. O home necesita que se lle perdoen os seus fallos, as súas malas accións, os seus pecados. Necesita sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrece a salvación ás persoas aínda que lle ofenderon.
- Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amosándonos o camiño, a verdade e a vida. Amósanos o seu amor.
- Comprender o amor de Xesús. A Xesús seguíronlle moitos, os que viran nel o amor e a bondade de Deus. Outros buscaban como matalo pois o amor e a bondade de Xesús denunciáballes o seu egoísmo e a súa mentira. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou.

- Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama máis que ninguén e por iso que re que o sigamos e fagamos o que El fai. Tomar conciencia de que Xesús convidanos a seguilo e a ser o seu discípulo. Seguir a Xesús é imitalo en todo o que El fixo: anunciar o seu Evanxeo, vivir todos como irmáns amándonos e celebrar a Eucaristía dándolle grazas e ofrecéndolle o que facemos.
- Valorar que na comunidade dos discípulos de Xesús, a Igrexa, vívese como irmáns. Saber que o Espírito Santo produce nos cristiáns os froitos do amor, a alegría, a paz, a bondade e a fidelidade e a unidade.
- Saber que a Igrexa perdoa os pecados no nome de Deus. Comprender que igual que somos perdoados tamén nós debemos perdoar e ser misericordiosos. Polo sacramento da Reconciliación a Igrexa perdóanos no nome de Deus.
- Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O próximo é calquera persoa que se achega a aquel que necesita axuda, o próximo é calquera persoa necesitada. Xesús acláranolo coa parábola do Samaritano. O amor de Xesús non exclúe nin sequera os inimigos. A caridade e o amor é o máis excelente dos dons de Deus. Polo amor coñecerase aos discípulos de Xesús.
- Orientar o sentido último da vida como plenitude do encontro con Deus. Porque a morte non é o final de todo. Para o cristián a morte significa o encontro definitivo con Xesús resucitado.

4. Estándares de aprendizaxe

- Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe.
- Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...)
- Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao ser humano.
- Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre as súas milagres, a súa morte e resurrección.
- Comprende e é capaz de explicar que quen une aos membros da Igrexa é o Espírito Santo.
- Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Paulo) o cambio que lles produciu atoparse con Xesús.
- Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
- Coñece e relaciona o sacramento da Reconciliación.
- Sabe que o Espírito Santo axúdanos a coñecer a Xesús e dános forzas para seguilo e ser testemuñas súas.
- Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesús.
- Fundamenta o sentido do mandamento do amor como ensina Xesús.

- Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.
- Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos.
- Sabe explicar o significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.

5. Ensinanzas transversais de Terceiro Curso

- Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinação e inxustiza social.
- Superación de prexuízos respecto das persoas ou dos grupos sociais minoritarios.
- Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas e valoralos adecuadamente.
- Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, así como recoñecendo e valorando criticamente as súas diferenzas.
- Adquisición progresiva de seguridade en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para resolver aquelas que sexan conflictivas.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía persoal.
- Interese por establecer relacións afectivas cos demais.
- Participación nas actividades de grupo, respectando os puntos de vista dos demais.
- Participación nas tarefas de grupo, amosando actitudes de solidariedade e colaboración.
- Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan na planificación e realización de tarefas comúns.
- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e deberes que corresponden a cada membro do grupo.
- Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece desinteresadamente aos máis necesitados.
- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

Educación para a paz

- Descubrimento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.
- Importancia do diálogo como medio para solucionar conflitos.
- Respetto e tolerancia cara ás opinións alleas.
- Análise de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...

- Interese por coñecer o novo mandamento de Xesús para alcanzar a verdadeira paz cun mesmo e cos demais.

Educación para a saúde e a calidade de vida

- Valoración do propio corpo como obra da Creación.
- Aprecio polo propio corpo e o coidado deste.
- Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, débiles, anciás, indefensas..., e colaboración con estas.
- Actitude de rexeitamento cara a calquera práctica que vaia en contra da vida e da saúde, e de acollida cara a aquelas que a favorezan.

Educación para a igualdade entre os sexos

- Interese por descubrir a dignidade da persoa e valorala.
- Valoración do home e da muller, desde a súa dignidade de persoa e como seres máis importantes da Creación.
- Importancia e valoración da mensaxe de Xesús e da doutrina da Igrexa sobre a dignidade do home e da muller como fillos de Deus.
- Asunción das tarefas que deben se realizar, independentemente de que se sexa home ou muller.
- Rexeitamento cara a calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

Educación ambiental

- Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.
- Interese por respectar a natureza, obra da Creación ao servizo do home e da muller.
- Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.
- Respecto polas orientacións da Igrexa e de moitos santos sobre o respecto cara á natureza, ás plantas, aos animais...
- Valoración do traballo das persoas que colaboraron e colaboran na mellora do medio natural.

Educación sexual

- Aprecio e respecto cara ás persoas, con independencia da súa condición sexual.
- Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos.
- Interese pola mensaxe cristiá sobre o papel do home e da muller como procreadores da especie humana.
- Importancia da sexualidade como actitude de plena comunicación afectiva entre as persoas.

Educación do consumidor

- Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.
- Respecto e aceptación das normas que regulan o uso e consumo dos recursos enerxéticos.
- Actitude de rexeitamento cara ao consumismo.
- Sensibilización ante os colectivos que non poden satisfacer as necesidades básicas e actitude de colaboración.

Educación viaria

- Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

6. Contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para superar o Terceiro Curso

6.1 Contidos mínimos esixibles para Terceiro Curso

- Os amigos de Xesús.
- Apertura á transcendencia.
- A confianza nas persoas e a confianza en Deus.
- Xesús confía no seu Pai e convida a ter fe.
- A oración do *Nosopai*.
- Feitos máis importantes da vida de María de Nazaré.
- As advocacións.
- A celebración da chegada de Xesús no Nadal.
- Os valores cristiáns da celebración do Nadal.
- As actitudes dos bos amigos.
- As actitudes de aceptación e de exclusión.
- O Dez Mandamentos e o Mandamento Novo de Xesús.
- Parábola do bo samaritano.
- A ruptura do ser humano con Deus polo pecado.
- O sacramento da reconciliación.
- O perdón e a misericordia de Deus.
- A salvación de Deus chéganos coa morte e resurrección de Xesucristo.

- A Semana Santa e os seus símbolos.
- A Pascua cristiá.
- Actitudes de agradecemento pola vida.
- A acción creadora de Deus.
- O ser humano, creado a imaxe e semellanza de Deus, superior a todo o creado.
- Xestos de colaboración e conservación da Creación.
- O relato bíblico de Pentecoste.
- A transformación dos seguidores de Xesús despois da chegada do Espírito Santo.
- A acción do Espírito Santo está sempre presente na Igrexa.
- A Igrexa traballa para lograr un mundo mellor para todos.
- Principais características da misión da Igrexa.
- Os actos de amor cristiáns dan bos froitos.
- Vivencia das despedidas desde a esperanza.
- O camiño dos cristiáns culmina na vida eterna, o encontro con Deus en plenitude.

6.2 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Terceiro Nivel

- Coñecer e valorar a súa forma de ser.
- Aprender a abrirse á transcendencia.
- Nomear ás persoas en quen confía.
- Tomar conciencia de que os cristiáns confían en Xesús como El confiou no seu Pai.
- Explicar a grandes trazos o significado do *Nosopai*.
- Coñecer quen era María de Nazaré e algúns feitos da súa vida.
- Saber explicar con exemplos que son as advocacións.
- Valorar a festa do Nadal como a celebración da chegada de Xesús no Nadal.
- Saber explicar por que o nacemento de Xesús é unha boa nova.
- Coñecer e respectar os valores cristiáns para vivir un Nadal máis auténtico.
- Enumerar as actitudes necesarias para establecer lazos de amizade.
- Distinguir entre actitudes de aceptación e de exclusión.
- Coñecer e valorar os Dez Mandamentos e o Mandamento Novo de Xesús.

- Saber interpretar a ensinanza da parábola do bo samaritano.
- Reflexionar sobre a necesidade humana do perdón.
- Saber que o pecado é a ruptura do ser humano con Deus.
- Identificar e valorar o sacramento da reconciliación.
- Descubrir o perdón e a misericordia de Deus.
- Comprender que a salvación de Deus chega coa morte e resurrección de Xesucristo.
- Identificar os momentos da Semana Santa e os seus símbolos.
- Coñecer o significado da Pascua cristiá.
- Amosar actitudes de agradecemento pola vida.
- Saber en que consiste a acción creadora de Deus.
- Recoñecer que o ser humano foi creado a imaxe e semellanza de Deus e que é superior a todo o creado.
- Seleccionar xestos de colaboración e conservación da Creación.
- Ordenar os feitos do relato bíblico de Pentecoste.
- Recoñecer a transformación dos seguidores de Xesús despois da chegada do Espírito Santo.
- Valorar que a acción do Espírito Santo está sempre presente na Igrexa.
- Coñecer que a Igrexa traballa para lograr un mundo mellor para todos e enumerar as principais características da súa misión.
- Enumerar algúns froitos que dan os actos de amor cristiáns.
- Comprender a necesidade de afrontar as despedidas con esperanza.
- Identificar a esperanza dos cristiáns na vida eterna como o encontro definitivo con Deus.

7. Procedementos e instrumentos de avaliación

7.1 Escritos

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
- Caderno de clase do alumno.
- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...).
- Traballos de grupo.

- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades interactivas.

7.2 Oraís

- Preguntas individuais e en grupo.
- Participación do alumno/a.
- Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Exposicións orais.

7.3 Observación directa e sistemática

- Listas de control..
- Rexistros de incidencias.

7.4 Outros

- Rúbrica de avaliación
- Persoal de avaliación.
- Autoavaliación.

8. Criterios de cualificación e porcentaxes

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumnado de Terceiro Nivel de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

	Criterios	
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. 	30%

	<ul style="list-style-type: none"> • Caligrafía. • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo na clase e na casa. • Creatividade. 	
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas. 	20%
3. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese. 	20%
4. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo. 	20%

5. Experiencias e traballos de investigación.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet. • Correcta selección, interpretación e síntese da información. • Espírito de cooperación e compañeirismo... 	10%
---	--	-----

8.1 Criterios de cualificación e porcentaxes no caso do ensino a distancia

Criterios	Porcentaxes
1. Entrega en prazo das tarefas online propostas.	20%
2. Realización do traballo online proposto e coidado na presentación do mesmo.	50%
3. Valoración da actitude e da participación nas tarefas que se propoñan.	30%

9. Metodoloxía

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquieren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Relixión Católica. A integración das Competencias e das Intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita, hipótese, comprobación, conclusións, resolución de problemas...) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno. Isto conséguese:

nas dobres páxinas ao final de cada unidade didáctica do libro do alumno.

nas actividades competenciais no libro guía.

nos proxectos específicos trimestrais.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, a elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A conxunción do traballo individual e o colectivo, das actividades na clase, durante excursións ou no laboratorio, e da reflexión e da resolución práctica contribúe a asentar o coñecemento integrado e globalizado do medio social, natural e cultural que o envolve.

Á hora de avaliar, a rúbrica de avaliación convértese para o profesor nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliables de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumno.

O uso das TIC en Relixión Católica facilita a observación de procesos e procedementos, a manipulación-elaboración de exercicios e dótaas dun compoñente lúdico e motivacional.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que expoñen: Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.

Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno de Terceiro Nivel, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.

Exercicios e actividades diversificadas que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual, en grupo, traballo cooperativo en Proxectos, uso das TIC, actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de Competencias a todos os alumnos.

9.1 Metodoloxía no caso de actividade lectiva non presencial

O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/> á que se subirán os recursos e as propostas necesarias que permitan acadar os contidos da materia e levar a cabo unha avaliación continua da mesma. Estas propostas, no caso da materia de Relixión, realizaríanse cunha periodicidade semanal, continuando así coa carga lectiva horaria da propia materia.

Outras ferramentas telemáticas ás que se recorrerá, de ser preciso, para manter a actividade lectiva serán: a web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/>, o servizo de videoconferencia webex, o correo electrónico relixion@arzua.net, e, de ser necesario ou solicitado por algunha familia, o sistema de mensaxería whatsapp.

Polo que se refire a este punto tamén é importante reflectir a necesidade de intensificar a coordinación entre o profesorado implicado na docencia deste nivel a través da titoría do mesmo.

10. Materiais e recursos didácticos

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de Terceiro Nivel.

- Libro de texto dixital: *Relixión Católica 3*; editorial rodeira.
- Cadernos de tarefas integradas, ampliación e reforzo.
- Caderno de Simboloxía.
- Recursos educativos dixitais na web.
- Carpeta de recursos didácticos: láminas con xogos, dramatizacións, persoais de manualidades, contos de valores, murais, caderno de simboloxía...
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propia da área.
- Recursos educativos online.
- Ordenador.
- Encerado dixital.

11. Atención á diversidade

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumn@s.

- ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiáveis con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilite a adquisición das competencias clave por parte do alumnado.
- AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos ao alumnado que o requira (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- ENSINANZA TORIZADA.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

12. Estratexias para incorporar as TIC na aula

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades da área de Relixión Católica para Terceiro Nivel, que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas (aplicables no encerado dixital interactivo): O alumno –a responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

13. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e desenvolver a expresión oral e escrita

- Lectura do libro de texto dixital.
- Textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Realización de dramatizacións a partir de un texto traballado.
- Expresión das súas propias experiencias e sentimentos.

EDUCACIÓN FÍSICA

A continuación, procédeuse a detallar os aspectos puntuais sobre a área de Educación Física, seguindo o seguinte índice:

1. **Obxectivos**
 - 1.1. Obxectivos de etapa
 - 1.2. Obxectivos de curso
2. **Contidos**
3. **Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe**
4. **Competencias clave**
5. **Metodoloxía**
 - 5.1. Principios metodolóxicos
 - 5.2. Metodoloxía específica
 - 5.3. Metodoloxía específica nas modalidades non presencial e semipresencial.
6. **Elementos transversais**
7. **Plans e proxectos**

8. **Atención á diversidade**
9. **Procedementos de avaliación**
10. **Criterios de cualificación**
11. **Mínimos esixidos**
12. **Actividades de recuperación e de reforzo**
13. **Actividades complementarias e extraescolares**

1) **OBXECTIVOS**

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *“os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”*.

1.1. Obxectivos de etapa

Dito Decreto establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. A continuación descríbese o obxectivo que máis relación garda coa área de educación física e que será traballado en todas as unidades didácticas do curso:

k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*

1.2. Obxectivos de curso

- Coñecer as características individuais do alumnado.
- Favorecer os primeiros contactos grupais e crear un clima agradable, positivo e de confianza.
- Concienciar sobre as normas básicas de seguridade e coidado do material.
- Afianzar o coñecemento do esquema corporal e as súas partes.

- Vivenciar a mobilidade de todas as partes do corpo e a súa flexibilidade.
- Controlar a frecuencia respiratoria e vivenciar a relaxación global e segmentaria.
- Apreciar velocidades, distancias e traxectorias.
- Adaptar o movemento ás referencias temporais (*duración, ritmo, velocidade...*)
- Favorecer e desenvolver a percepción temporal.
- Participar e executar bailes sinxelos.
- Desenvolver a coordinación dinámica xeneral e específica ou segmentaria.
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través da coordinación.
- Aceptar os niveis de destreza propios e alleos.
- Desenvolver o equilibrio estático e dinámico.
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través do equilibrio.
- Adoptar as medidas de seguridade necesarias.
- Adaptar saltos e desprazamentos ás distintas variables
- Desenvolver desprazamentos activos e pasivos.
- Experimentar xiros sobre o eixe lonxitudinal, transversal e anteroposterior.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual e óculo-pédica.
- Mellorar a precisión nos lanzamentos e recepcións.
- Participar en situacións de xogo predeportivo respectando as normas de seguridade sanitaria establecidas no protocolo Covid .
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través de xogos.
- Coñecer as posibilidades de reutilización dos materiais de refugallo.
- Fomentar relacións de cooperación entre o alumnado.
- Desenvolver os recursos expresivos do corpo.
- Lograr a desinhibición ante situacións de expresión potenciando a creatividade.
- Coordinar os movementos aos ritmos.
- Inicialse nos aspectos básicos do fútbol, baloncesto, xadrez e tenis.
- Afianzar as habilidades motoras básicas a través do deporte.
- Valorar as actividades deportivas coma actividades aplicables no tempo libre.
- Respeitar as normas e regras do xogo.

- Levar á práctica xogos tradicionais, de forma similar a como se facía antano.
- Respetar, valorar e coñecer o medio natural.
- Coñecer os aspectos básicos dos planos, mapas e balizas.
- Fomentar actitudes de cooperación e traballo en equipo.

2) CONTIDOS

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** define os contidos como o “conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado”. O **currículo, no seu anexo II**, establece 6 bloques de contidos para a área de educación física. Esta agrupación non determina métodos concretos, senón que responde a una forma de organizar os contidos que deben ser abordados de forma enlazada atendendo á configuración cíclica da ensinanza da área, construíndo uns contidos sobre outros. Os bloques de contidos que se traballarán nesta área serán os seguintes:

Bloque 1. Contidos comúns: son de natureza transversal polo que se traballarán ao longo de todo o curso en combinación cos contidos do resto dos bloques. Abarca aspectos tales como os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co entorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo, aceptación das regras, actitudes, a confianza, iniciativa individual e hábitos de esforzo, así como o uso adecuado dos materiais e espazos ou as TIC.

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. ^[1]_[SEP]
- Aceptación e respecto cara ás normas, regras, ^[1]_[SEP]estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal

- Consolidación dos hábitos sanitarios establecidos por mor da pandemia.
- Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns/as nas saídas polo contorno do colexio. [L] [SEP]

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción: traballaranse capacidades perceptivas, representadas a través do esquema corporal, coñecemento do corpo e as súas posibilidades de movemento ou a organización e percepción espazo-temporal.

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
- Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.
- Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.
- Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).
- Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. [L] [SEP] Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.
- Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.
- Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento).
- Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e dereita dos e das demais.

Bloque 3. Habilidades motrices: céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, capacidades e habilidades motrices básicas, e a coordinación.

- Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
- Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
- Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.
- Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas: abarca o uso do corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. Engloba os bailes, o ritmo, as danzas e a expresión de emocións e sentimentos, imitacións, representacións e

dramatizacións.

- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.
- Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.
- Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado. [11] [SEP]
- Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.
- Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

Bloque 5. Actividade física e saúde: engloba aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e a calidade de vida. A hixiene (corporal e postural), a alimentación, a condición física orientada á saúde, así como a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

- Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
- Consolidación das medidas sanitarias establecidas por mor da pandemia: lavado de mans, uso da máscara, distancia interpersonal, evitar tocar ollos, nariz e boca, tusir ou esberrar en panos desbotables ou no seu defecto no cóbado...
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.
- Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.
- Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psico-biolóxico.
- Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

Bloque 6. Os xogos e actividades deportivas: presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio (*xogos populares e tradicionais galegos, o respecto ás normas e aos compañeiros/as, así como estratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, oposición e cooperación-oposición*).

- Descubrimiento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
- Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.
- O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.
- Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.
- Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.
- Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.
- Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).
- Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).
- Coñecemento e coidado da contorno natural.

3) CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os **critérios e estándares de aprendizaxe** serán os referentes para avaliar ao alumno. Nomeámoslos de maneira resumida, podendo observarse de maneira máis detallada no anexo I do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**:

BLOQUE DE CONTIDOS 1: CONTIDOS COMUNS

Criterio de avaliación: B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

Estándares de aprendizaxe: EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase. EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece as

condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.

Criterio de avaliación: B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

BLOQUE DE CONTIDOS 1: CONTIDOS COMUNS

Criterio de avaliación: B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

Estándares de aprendizaxe: EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeras as características dun xogo practicado na clase. EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.

Criterio de avaliación: B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

Estándares de aprendizaxe: EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.

Criterio de avaliación: B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

Estándares de aprendizaxe: EFB1.3.1. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

BLOQUE DE CONTIDOS 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCION

Criterio de avaliación: B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.

Estándares de aprendizaxe: EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.

Criterio de avaliación: B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

Estándares de aprendizaxe: EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado. EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. EFB2.2.4. Colócase á esquerda- dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento. EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.

BLOQUE DE CONTIDOS 3: HABILIDADES MOTRICES

Criterio de avaliación: B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

Estándares de aprendizaxe: EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.

BLOQUE DE CONTIDOS 4: ACTIVIDADES FISICAS ARTISTICO EXPRESIVAS

Criterio de avaliación: B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

Estándares de aprendizaxe: EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do

corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas. EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras.

Criterio de avaliación: B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

Estándares de aprendizaxe: EFB4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas. EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.

BLOQUE DE CONTIDOS 5: ACTIVIDADE FISICA E SAUDE

Criterio de avaliación: B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

Estándares de aprendizaxe: EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas. EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde. EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados. EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.

Criterio de avaliación: B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

Estándares de aprendizaxe: EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física. EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.

Criterio de avaliación: B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade

na realización da práctica da actividade física.

Estándares de aprendizaxe: EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.

BLOQUE DE CONTIDOS 6: XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Criterio de avaliación: B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades .

Estándares de aprendizaxe: EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.

Criterio de avaliación: B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.

Estándares de aprendizaxe: EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia. EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

Criterio de avaliación: B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

Estándares de aprendizaxe: EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas. EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

Criterio de avaliación: B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

Estándares de aprendizaxe: EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural. EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.

4) COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as competencias clave son *“capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”*.

Coa entrada en vigor da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo, polo que a área de educación física contribuirá a consecución de estas. Ademais de estas 7 competencias clave, destacamos tamén a competencia motriz:

- No currículo de Educación Primaria (**Decreto 105/2014, de 4 de setembro**), no *Anexo II* menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das sete competencias clave.

A continuación detallaranse a forma na que se van a traballar as 7 competencias clave, dunha maneira práctica, intentando achegar ao alumnado á adquisición das mesmas:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** desenvólvese dende distintas perspectivas, debido a gran cantidade de intercambios comunicativos que permite. Na fase de volta á calma os alumnos/as responderán a preguntas formuladas polo mestre, onde terán que mostrar a súa opinión. Tamén presentarán diferentes xogos na sesión.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** desenvólvese en todas aquelas actividades nas que exista percepción do espazo, cálculo de traxectorias, interpretación de mapas, así como tamén en temas orientados á mellora da calidade de vida, etc.

- **Competencia dixital (CD):** a LOMCE fomenta o uso das ferramentas dixitais, polo que haberá sesións de visualización de vídeos para a súa posterior posta en común, sempre supervisado polo mestre.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** traballarase en tarefas nas que o alumnado teña a responsabilidade de tomar decisións para conseguir os obxectivos das determinadas tarefas.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** os xogos en equipo favorecerán aspectos grupais, como a colaboración, oposición, integración, respecto, xogo limpo, etc.
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** a través das unidades de expresión corporal e a práctica de xogos.
- **Competencia aprender a aprender (CAA):** farase uso dos métodos de ensinanza que fomenten o desenvolvemento cognitivo (*descubrimiento guiado e resolución de problemas*), na meirande parte das actividades levadas a cabo, buscando o desenvolvemento integral do alumnado.

5) METODOLOXÍA

Cando falamos de **metodoloxía**, referímonos ao como ensinar, segundo nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, a metodoloxía é o *“conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”*.

Nesta programación imos utilizar o **xogo** como recurso metodolóxico na maior parte das sesións adaptándoo ás medidas de seguridade establecidas no protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 co obxectivo de protexer e previr o posible risco de contaxio polo virus. Este axudaranos ao desenvolvemento integral do alumnado, así como á adquisición de determinados contidos de maneira lúdica. **Cagigal (1996)** define o xogo como *“acción libre, espontánea e pracenteira que se desenvolve nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, e cuxo elemento informativo é a tensión”*.

5.1.Principios metodolóxicos

Tal e como nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, débense de ter en conta unha serie de **orientacións ou principios metodolóxicos** na educación primaria, á hora de impartir diferentes contidos na aula:

Os **contidos** seleccionados deben de levarnos á consecución das competencias clave da etapa. A base da nosa docencia será o **traballo cooperativo**, o cal nos axudará a potenciar todo aquela inclusión localizada na aula. Traballaremos sempre que podamos en parellas ou pequenos grupos, para fomentar as diferentes relacións interpersoais. As **familias** serán imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que deseñaremos diferentes actividades nas que a presenza de determinados familiares sexa fundamental. Todas as sesións terán un **carácter lúdico e global**, para desta forma facilitar a adquisición dos diferentes contidos. A **interdisciplinabilidade** resultará da elaboración de diferentes materiais nas área de educación plástica (**deseñar diferentes materiais**).

5.2.Metodoloxía específica

Nas clases de educación física imos utilizar diferentes **estilos de ensino**, os cales, seguindo a **Muska Mosston** ou **Delgado Noguera** presentan as seguintes características:

- **Mando directo modificado:** o docente é o encargado de levar o peso da clase. Nas tarefas de quecemento, e tamén nas partes finais de estiramientos.
- **Asignación de tarefas:** segue sendo o docente o encargado de marcar o inicio e o final da actividade, pero é o alumnado o que decide o número de repeticións que realiza, o ritmo e similares. Utilizáremolo nas sesións que involucremos o traballo en circuitos, etc.
- **Descubrimento guiado:** será o profesor o encargado de propoñer a actividade, pero será o alumno/ao/a que se dispoña a atopar a solución.
- **Resolución de problemas:** no mesmo caso que no anterior, pero cando haxa máis de unha resposta posible.
- **Ensinanza recíproca:** Por parellas un alumno/a pasa a ser o observador e corrector do outro. O docente decide as tarefas que se van realizar e os criterios de observación e corrección.

As **canles** que utilizaremos para transmitirle a información ao alumnado serán:

- **Canle visual:** transmitirase a información a través da axuda visual. Utilizando vídeos, na explicación de distintos

aspectos técnicos e tácticos.

- **Canle auditivo:** a través de explicacións, na meirande parte das explicacións.
- **Canle kinestésico-táctil:** axuda nas diferentes execucións, na fase de volta á calma, coa correccións de posturas incorrectas.

No referente ás **estratexias**, serán fundamentalmente globais, xa que se busca o desenvolvemento integral do alumnado.

Favoreceremos os **agrupamentos** en pequenos grupos, para a mellora comunicativa, ademais de agrupamentos en parellas e masivos, aínda que os utilizaremos case todos en función das necesidades respectando sempre as normas do Plan de adaptación á situación COVID, cumprindo as distancias, os aforos e as medidas médico-sanitarias.

5.3 Metodoloxía específica nas modalidades non presencial e semipresencial.

Seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 no que se recollen as medidas de actuación para o período de actividade lectiva non presencial e semipresencial, a **ferramenta principal** que empregamos para a comunicación co noso alumnado é a **aula virtual do Centro**; nela especificarase no apartado de Axenda da Aula Virtual os contidos e as tarefas semanalmente (mediante presentacións en **genially**, **canvas**, **vídeos de youtube**, recursos interactivos, **lim**, documentos en pdf...). Na modalidade semipresencial, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente á realización de actividade física e a solventar dúbidas.

Facilitarase ao alumnado e ás familias o **número de teléfono** e o **correo electrónico** da mestra para establecer unha comunicación bidireccional, personal e directa, non só para enviar o material, solventar as dúbidas que poidan xurdir con relación aos contidos senon para calque tipo de apoio que poidan precisar.

Empregarase a aplicación Abalar Móbil ou unha *Lista de Difusión*, para informar ás familias das actividades subidas á web e facilitarlle así o labor a aquelas que presenten dificultades coas TIC.

A dispoñibilidade horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares.

O alumnado enviará as actividades propostas feitas para a súa corrección e posterior envío a través do correo electrónico, wasap ou da súa titora adaptándonos aos ritmos individuais dos nenos/nenas, ás distintas circunstancias familiares, e á situación excepcional que estamos a vivir. Unha vez recibidas envíaselles mensaxes de reforzo positivas para a súa autoestima. Os traballos realizados polo alumnado serán colgados na páxina web do centro na lapela de Educación Física.

As actividades propostas estarán dirixidas pola mascota de Educación Física, a **vaca Marela**, que semanalmente propondrá diferentes retos e actividades utilizando o xogo como recurso metodolóxico dándolle así un carácter lúdico e ao mesmo tempo

motivador ao desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas .

Por tanto, empregamos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poñemos énfase na **atención á diversidade do alumnado**.

Debemos destacar a importancia na etapa de primaria do **xogo** como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas. A **gamificación** é empregada para motivar aos nosos nenos e nenas a aprender e fomentar a súa autonomía de xeito que sexan os protagonistas do seu propio aprendizaxe. Utilizáremola por exemplo cos recursos de Ludos e outras aplicacións nos que o alumnado debe poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas.

Como queda de manifesto, a natureza da materia, as condicións do alumnado, a dispoñibilidade de recursos, a situación excepcional que se está a vivir...condicionan o proceso de ensinanza – aprendizaxe e os métodos empregados.

No referente ás **instalacións específicas de educación física**, dentro do propio centro predominan 1 ximnasio, 1 aula de psicomotricidade, 1 pista cuberta, 1 pista polideportiva. Partindo da situación de pandemia que se está a vivir e tendo en conta as recomendacións sanitarias do protocolo Covid 19, utilizarase preferentemente a pista polideportiva e a pista semi-cuberta sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, en caso contrario empregaremos o ximnasio situado no edificio anexo do Centro. Éste conta con pouca ventilación, moita humidade e carece de calefacción. Trátase dunha aula de uso compartido polos diferentes grupos estables de Primaria, características que se proporán para recoller no Plan de adaptación Covid. Resulta ser un espazo pequeno para poder manter as distancias de seguridade en determinadas actividades tendo en conta que hai grupos numerosos o que limitará a variedade de xogos.

A nivel de **recursos**, destacamos: Recursos humanos: pais, mestra titora, outros mestres, centro, familia e sociedade. Recursos materiais: balóns de baloncesto, balóns de fútbol, pelotas blandas, balóns de voleibol, indícaas, raquetas de bádminton, aros, conos, etc. Recursos impresos, tales como fotocopias, libros de consulta, murais, láminas, xornais, revistas, etc. Recursos Audiovisuais: ordenador, reprodutor CD e DVD.

6) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **actual currículo da Educación Primaria** indica unha serie de elementos transversais no seu **artigo 11**, os cales debemos de traballar ao longo do curso. Anteriormente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación** eran denominados como “Educación en Valores”. Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e nós dende a área de Educación Física faremolo da seguinte maneira:

Calidade, equidade e inclusión educativa. Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. **Prevención e resolución pacífica de conflitos.** Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. Aproveitaremos o Día Escolar da non Violencia. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.** A través do traballo en grupos mixtos estables, traballaremos este elemento transversal. Aproveitaremos a conmemoración do Día Internacional da violencia de xénero. **Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.** Este elemento transversal traballáremolo dende as actividades que impliquen estilos pouco directivos. **Desenvolvemento sostible e medio ambiente.** Na área de Educación Física promoveranse actividades que axuden a interiorizar as medidas de protección fronte ao Covid 19, a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. Aproveitaremos as conmemoracións do Día Mundial do Ambiente, inculcando a importancia de manter limpo o entorno que nos rodea.

7) PLANS E PROXECTOS

Nesta programación incluiremos varios plans de centro, así como proxectos, seguindo a **LOMCE** e o actual currículo da Comunidade Autónoma de Galicia (**Decreto 105/2014, do 4 de setembro**):

Plan Lector: desenvolveremos a competencia lectora, fomentando así o hábito da mesma. En EF, o alumnado terá que ler as explicacións propias da fase informativa, que o profesor lle proporcionará en papel. Fomentaremos isto a través da busca de información na biblioteca. Ademais o colexio, seguindo a lexislación, establece 30 minutos diarios de lectura. **Plan Tic:** segundo nos indica o **D. 105/2014, do 4 de setembro**, a adquisición da Competencia Dixital é sumamente importante. En educación física

usaremos documentos audiovisuais como fonte de información e recursos interactivos que apoiem e favorezan os coñecementos adquiridos. **Plan de atención á diversidade:** recolleranse todas as actuacións relacionadas co alumnado con NEAE. **Plan de acción tutorial:** abordaremos todas as actuacións referidas a atención do alumnado. Será levado a cabo polo titor. **Plan de convivencia:** realizaranse xogos de carácter cooperativo, especialmente na UD 1, a cal irá orientada a xogos de presentación.

8) ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal e como nos indica o **artigo 16 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: “alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar”.

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade estes casos.

Polo tanto, teremos en conta as **medidas de atención á diversidade** que aparecen recollidas na **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir **patoloxías temporais** como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita ou no portátil do

centro:

- Recompilar información, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.
- Colaborar nos aspectos organizativos da sesión. Po exemplo: marcando ritmos, controlando tempos, levando conta dos tanteos...

Diversidade e concreción dos casos: Os alumnos/as lesionados temporalmente axudarán ao docente no transcurso da clase. En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

9) PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación entendese como unha fase máis do propio proceso de ensino aprendizaxe, polo que potenciaremos o seu carácter pedagóxico (elemento de mellora). A pesar de que a avaliación é un proceso continuo, distinguimos tres momentos:

Avaliación inicial ou de diagnóstico: esta avaliación será a través dunha pequena observación do historial académico de cursos anteriores. Na UD 1 realizaremos un xogo de preguntas que engloben diferentes vertentes, para comprobar como se manexa o alumnado, así como unha serie de probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza e velocidade. Ao comezo de cada U. D. é importante recoller información sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades, a primeira sesión será ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros.

Avaliación continua ou formativa: Ao longo da unidade, analizaremos as incidencias, se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico, as actividades atractivas ou eficaces, realizando os axustes necesarios.

A avaliación será continua e global, polo que unha vez que nos atopemos inmersos no proceso de ensino-aprendizaxe, a avaliación levarémola a cabo con rexistros anecdóticos e con rúbricas. Dispoñemos dunha escala de comportamentos e actitudes que tamén se avaliarán diariamente, durante o transcurso de calquera sesión.

Avaliación final ou sumativa: Ao final da U. D., é preciso obter información sobre o grao de aprendizaxe dos contidos e resultados acadados polo alumnado. A parte dos indicado anteriormente, realizarase unha avaliación final e un traballo para cada UD. Acharemos a nota media (0 - 10) a partir das notas alcanzadas nos seguintes ítems: probas de carácter práctico e fichas de clase (Rúbricas; 40%), comportamento, participación e actitudes (40%), cuestionarios (10%) e traballo/exposición (escala; 10%).

10) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Intentaremos obter a maior cantidade de información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que utilizaremos varios instrumentos de avaliación.

A **avaliación do alumnado** realizarase mediante:

- 1) **Observación diaria:** rexistraremos o que sucede nas sesións de forma sistemática. Para iso contamos en cada U.D. con **rúbricas** coas que se avaliarán os distintos estándares de aprendizaxe, valorado cun **40%**. Tamén utilizaremos unha **escala de observación** e **registro anecdótico**, para valorar o comportamento, participación e actitudes, cun **40%**.
- 2) **Probas orais e escritas:** A proba escrita realizarase a través dun **cuestionario** cada dúas unidades didácticas (**10%**), o cal será a través de preguntas tipo test, múltiple elección ou resposta corta. A proba oral será a través de **exposición oral u/ou traballo escrito**, valorada nun **10%**, a través dunha **escala de observación**.

AVALIACION		
Tipo de avaliación	Criterio	Instrumento
<u>Observación directa</u>	Aspecto psicomotor	<i>Rúbrica</i>
	Comportamento, participación e actitudes	<i>Escala de observación</i>

<u>Probas orais e escritas</u>	Aspecto conceptual	<i>Cuestionario</i>
	Exposición oral u/ou traballo escrito	<i>Escala de observación</i>

Na **avaliación docente**, somos conscientes de que **debemos reflexionar** sobre a nosa propia actuación, coa intención de melloralala. Realizarase unha **análise exhaustiva do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia programación, a través de auto avaliación e avaliación docente**.

Seguirase a **Orde do 9 de xuño de 2016**, que regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se estipulan os resultados en: insuficiente (1, 2, 3 ou 4), suficiente (5), ben (6), notable (7 ou) e sobresaínte (9 ou 10).

Que imos avaliar?: Avaliaranse todos os elementos do proceso educativo, tales como a aprendizaxe do alumnado e a propia práctica docente do profesorado (*analizaremos as súas características, comportamentos e actitudes*).

Momentos e instrumentos de avaliación (Como e cando?); realizaremos a avaliación do alumnado en diferentes momentos: antes, durante e despois, como explicamos anteriormente.

Como imos avaliar ao profesor?, ou o que é o mesmo, como nos imos a avaliar a nós mesmos?. Ao final de cada UD entregaráselle aos alumnos/as un cuestionario de avaliación docente, e cuestionario de auto avaliación docente para os mestres.

Aos alumnos/as entregaráselles ao final de cada avaliación o seu boletín de notas, nas que á parte da cualificación numérica, poderán aparecer diferentes observacións. As familias terán **feedback** do progreso dos seus fillos/as a través de informes ao finalizar cada sesión de avaliación.

11) MÍNIMOS ESIXIBLES

Os **mínimos** que se lles vai a esixir ao alumnado son:

1. Aмосa un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade.
2. Adapta os movementos ás circunstancias e condicións de cada situación.
3. Reproduce estruturas rítmicas sinxelas e reproducéas corporalmente ou con instrumentos.
4. Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento de forma creativa comunicando ideas.

5. Regula o seu esforzo de acordo coa natureza da tarefa que se realiza.
6. Desprazase e salta, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.
7. Xira sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas.
8. Lanza, pasa e recibe pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias.
9. Recoñece os efectos da actividade física, hixiene e alimentación sobre a saúde.
10. Participa en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas cos outros, evitando discriminación por características persoais, de xénero ou culturais.
11. Coñece e valora a diversidade de actividades físicas, lúdicas e predeportivas, así coma os ámbitos nos que se desenvolven.
12. Resolve problemas motores de xeito eficaz nas actividades físicas, lúdicas, predeportivas e artísticas.
13. Coñece, indaga e practica xogos e deportes tradicionais propios da zona.
14. Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos.
14. Entrega os traballos indicados no prazo correspondente.
15. Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF (*roupa deportiva e zapatillas deportivas*).

12) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E DE REFORZO

En canto os mecanismos de recuperación, o alumnado que non acade os mínimos poderá repetir a proba conceptual e valoraranse as probas prácticas (relacionadas coa evolución motriz) en posteriores unidades didácticas dado o carácter continuo da avaliación.

13) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades extraescolares e complementarias que se levarán a cabo:

- Magosto (outubro)

- Día Internacional contra a Violencia de xénero (25 novembro)
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 decembro)
- Día Internacional da Educación (24 xaneiro)
- Día de Rosalía de Castro (24 febreiro)
- Día Internacional da Muller Traballadora (8 marzo)
- Día mundial da Saúde (7 abril)
- Semana das Letras Galegas (maio)
- Día do Medio Ambiente (5 xuño)
- Saídas relacionadas coa área de Educación Física.

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación para avaliar a adquisición das competencias nos alumnos/as son:

- Observación
- Proba escrita
- Proba oral
- Caderno de clase
- Traballos de investigación
- Tarefas familiares

Escritos

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
- Caderno de clase do alumno.
- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...).
- Traballos de grupo.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades interactivas.

Orais

- Preguntas individuais e en grupo.
- Participación do alumno/a.
- Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Exposicións orais.

Observación directa e sistemática

- Listas de control.
- Rexistros de incidencias.

Outros

- Rúbrica de avaliación
- Persoal de avaliación.
- Autoavaliación.

5. METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos/as son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial pretende que cada alumno/a, está preparado para poder afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nas primeiros anos. A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentir as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén a súa socialización.

As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

A aprendizaxe dos nenos/as é maior e de máis calidade se se basa na actividade.

O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos/as na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.

A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos/as. É importante que as actividades que leven a cabo nas distintas áreas curriculares estean interrelacionadas, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea. Desta forma, farase fincapé na comunicación oral e a consciencia intercultural.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia. Todo o que o alumno/a aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter acadado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá acadar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

Ciencias Naturais:

Traballar por competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

Os/as alumnos/as han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os/as alumnos/as iníciense no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Nesta disciplina incluíranse, ademais programas de Plan Proxecta (Sustentabilidade e Paisaxe, Distribución de froita e Xogade), que poñen en evidencia o traballo de forma competencial que de por si xa teñen uns obxectivos moi claros a conseguir durante o curso.

Así como todos aqueles que fomenten o traballo en grupo e a cooperatividade dentro do gran grupo clase para fomentar a socialización.

Lingua Castelá/Língua Galega:

Os/as alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das

Intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para acadar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os/as alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por elo, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborativo como unha forma de entrenar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais cercanos ao alumnado.

Plástica:

O proceso de aprendizaxe no ser humano non pode estar afastado do desenvolvemento das súas facetas artísticas que lle serven como un medio de expresión das súas ideas, pensamentos e sentimentos. Desde esta perspectiva, entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos das devanditas linguaxes vai permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento plástico permitirá o goce do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo a este; sempre aproveitando as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado.

O **traballo en grupo** xunto co traballo individual serán as formas de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Ciencias Sociais:

Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva. Por iso, os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os/as alumnos/as iníciáanse en poñer en práctica os novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de Ciencias Sociais están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Matemáticas:

Se ben a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculo mental...

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal dende a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan dende a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Matemáticas é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Inglés:

O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a maternas e as ambientais.

Os obxectivos xerais de primaria integrados teñen como finalidade desenvolver nos/as alumnos/as as seguintes capacidades:

- a. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
- b. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecido, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.
- c. escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- d. ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumno, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- e. valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como un medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de diferentes contidos.
- f. manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.
- g. utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- h. identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.
- i. aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

Educación musical:

A metodoloxía será activa, dinámica e participativa. Atenderase o aspecto motivador do alumno, presentando múltiples estímulos: audicións, murais musicais, xogos rítmicos, cancións rimadas, exercicios de creación e reacción, contos musicais, etc..

En momentos de tensión faranse exercicios de relaxación.

A metodoloxía será ecléctica, recollendo ideas das pedagogías modernas: Orff, Wuytack, Kodaly, Willems e Dalcroze.

Teremos un coidado especial en potenciar aspectos interdisciplinares coa lingua, matemáticas, plástica, educación física e coñecemento do medio dentro das competencias básicas, así como potenciar o interese por aprender a aprender, e potenciarase o uso e manexo das tic.

Educación Física:

Á hora de preparar esta programación, así como á hora de preparar cada clase impartirase tendo en conta a diversidade do alumnado. Levarase a cabo unha atención o máis individualizada posible, así como poñerase en práctica exercicios de reforzo cando sexa preciso.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

En canto a organización de tempos, agrupamentos e espazos, sempre respectando as normas do Plan de adaptación á situación COVID, cumprindo distancias, aforos e circunstancias médico-sanitarias.

O TEMPO, entendido como o dedicado á ensinanza no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.


AGRUPAMENTOS FLEXIBLES:


Gran grupo: grupo-clase, equipos, parellas e individual, sempre mantendo a distancia de seguridade.

ESPAZOS

Aula, biblioteca, salón de actos, espazos exteriores e aula de informática a nivel grupo-clase, sempre cumprindo os aforos polo plan de adaptación á situación COVID. Empregaranse estes espazos sempre que se garanten as condicións axeitadas dado o número de alumnado deste nivel e a dimensión dos espazos citados.

O agrupamento do alumnado dentro da clase pode seguir diferentes criterios tendo en conta as características dos mesmos, e sempre cumprindo as normas sanitarias do Plan de adaptación á situación COVID, tentando manter as maiores distancias posibles entre o alumnado. Debido á dimensión da aula adxudicada para o 3º nivel empregaranse dúas disposicións posibles para favorecer unha interacción de idea “equipo” aínda que non se poida manter a a distancia aconsellable.





De todas formas imos a aproveitar espazos exteriores sempre que as condicións metereolóxicas o permitan. Xa solicitamos á dirección cadeiras axeitadas para aproveitar este recurso o máximo posible, debido á situación que nos está tocando vivir. Neste escenario empregaremos diferentes distribucións segundo á actividade: en círculo, en grupos ...



Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe serán, cada vez máis variados e adaptados á necesidade do propio alumnado.

A aula deixara de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. O centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se dá lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensinanza da materia:

- Aula de idiomas
- Aula de informática
- Aula de música

Pero que debido ás indicacións médico sanitarias pola pandemia non se empregarán ou o mínimo posible para evitar desprazamentos do grupo de convivencia estable.

Xoga un papel moi importante a incorporación das TIC á educación, aportando diversos recursos materiais que lle ofrecen ao mestre/a a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

- Aula virtual
- Ordenadores
- Tablets ou ipad
- Proxector

Estudiare a viabilidade de participar en diferentes proxectos segundo vaian convocando como Plan Proxecta, Robótica ...

5.2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA A SEGUIR NAS MODALIDADES NON PRESENCIAL e SEMIPRESENCIAL.

O traballo desenvolverase preferentemente na **Aula Virtual do CEIP de Arzúa** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/>) (3º, nivel de EP) en todas as modalidades (que tamén se empregará na modalidade presencial), así como o libros de textos.

O traballo na Aula Virtual está estruturado en torno a centros de interese ou unidades didácticas, tentando sempre facilitar a continuidade da labor educativa das familias. Ven sendo case unha continuidade do teletraballo feito durante o confinamento do curso pasado, x que así partimos dunha formación dixital e unha posta en común coas familias, o traballo na Aula Virtual de 3º e na web do centro, onde concentramos alí todas as actividades relacionadas co tema, coa finalidade de simplificar o traballo aos/ás nen@s e as familias deste alumnado máis miúdo.

Nela expoño os contidos e as tarefas (mediante presentacións en **genially, canvas, vídeos de youtube, book creator**, documentos en pdf, fichas interactivas, **liveworksheets** ...). Este será o punto de partida inicial, pero despois empréganse outras formas xa preestablecidas coas familias para facerlle chegar a información e a distribución semanal das tarefas. En diversos contidos traballáremos cunha adaptación da metodoloxía **FLIPPED CLASSROOM**, que xa empregábamos o curso pasado; é moi motivadora. Coa execución de tarefas a distancia, procurárase que o alumnado desenvolva unha capacidade para autorregular a súa propia aprendizaxe, favorecendo así as súas actitudes e valores de responsabilidade, disciplina e compromiso para lograr ser autónomo

No caso da modalidade non presencial ou semipresencial, o alumnado enviará as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEWORKSHEETS, aula virtual, correo electrónico e whatsapp. Importante a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares. Cada nen@ recibirá o feedback ao seu traballo, coas correccións necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, abalar móbil, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades.

A maioría destas actividades propostas serán publicadas na páxina web en diferentes entradas na páxina web do centro, para un feedback entre os dous entes implicados neste proceso, así como as conmemoracións propostas no calendario oficial e as que se deciden no equipo de nivel tratar ao longo deste curso.

Manterase contacto case diario coas familias para resolución de dúbidas por **chamada telefónica, videochamada por whatsapp, abalar móbil, skype** e videoconferencia a través de **cisco webex** (a finalidade de empregar este recurso será a de

resolver dúbidas de xeito inmediato e tamén a de manter contacto audiovisual de vez en cando entre o grupo- clase). Total flexibilidade horaria total para a atención de titorías e alumnado.

Por tanto, emprego unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Falo dunha **metodoloxía xenerosa** na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento, adaptándome ás circunstancias individuais de cada ente; **aberta e plural** no sentido de que as familias poden traballar as propostas adaptándoas a súa realidade; **variadas** para poder cubrir diferentes intereses e de diferente formato na procura dunha mellor motivación

Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poño especial énfase na **atención á diversidade do alumnado**, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades xunto cos correspondentes especialistas de PT e AL, ademais do Departamento de Orientación .

Tamén se porán na Aula Virtual os enlaces ás reválidas de 3º dos últimos anos, coa intención de repasar e practicar con estas probas a competencias lingüística e matemática xa que valoran a comprensión oral, escrita e a expresión escrita.

Tanto na modalidade non presencial como na mixta, a información e indicacións do traballo a realizar na Aula Virtual , especificarase no apartado **Axenda** da Aula Virtual. Na modalidade semipresencial ou mixta, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente a comunicación oral, resolver dúbidas e explicación de novos contidos.

Facilitarase ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora titora, que será a que reedirixa e funcione como fío mediador como se no colexio estiveramos, para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que poidan precisar.

Tamén se crearán Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviarán todas as indicacións subidas a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e onde a comunicación con cada familia será a nivel individual. A disponibilidad horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Manterase contacto coas familias nas que o alumnado presente máis dificultades, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.

Tamén se levará a cabo o **programa de enriquecemento curricular** segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.

E sempre como medida xeral en todo o proceso, ofertaranse diferentes modalidades de medios telemáticos á disposición das familias xa que o período de confinamento amosounos os diferentes casos cos que nos imos a atopar, adaptándonos en todo momento ás súas necesidades para minimizar o máis posible a brecha que se manifesta nestes casos. Debemos ser moi realistas coas situacións diversas que nos atopamos e solicitar ás autoridades competentes para solventar esas problemáticas de ter que volver a situacións de semi ou non presencial.

6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.
 2. Fomentaranse a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
 3. Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
 4. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
 5. Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

6. Traballarase o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
7. Desenvolverase e afianzarse o espírito emprendedor. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun/ha mesm@ e o sentido crítico.
8. No ámbito da educación e da seguridade viaria promóveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

7. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación serán:

1. Observación directa do alumno tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos comúns ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, as súas habilidades e destrezas e os avances conceptuais.
2. A supervisión do caderno de traballo do alumno obtendo información sobre a expresión escrita, comprensión e desenvolvemento de actividades e no uso de fontes de información.
3. A realización periódica de probas escritas, valorando a adquisición e memorización comprensiva dos conceptos básicos.
4. A entrega de traballos ou tarefas propostas ao longo do curso nos diferentes trimestres.

E no caso de darse MODALIDADES NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, valoraranse e adaptaranse novos procedementos dada a situación que se produza pola crise sanitaria.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro é conveniente ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas

Para as cualificacións positivas:

SU: Suficiente

B: Ben

NT: Notable

SB: Sobresaínte

A estes achegaráselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.

– Ben: 6.

– Notable: 7 ou 8.

– Sobresaínte: 9 ou 10.

Os criterios de cualificación para as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá serán os seguintes:

<i>Cráterios de cualificación</i>	<i>Valoración</i>	<i>Instrumentos</i>
Valoración dos contidos e competencias desenvolvidos.	40%	Probas orais e escritas.
Realización do traballo na clase (Realización axeitada do traballo, organización dos materiais e presentación do caderno e doutros traballos escritos)	30%	<ul style="list-style-type: none"> - Caderno - Rexistro de actividades de clase (tanto orais como escritas). - Rexistro de organización de materiais.
Realización do traballo diario na casa (rematar tarefas e estudar) e traballos específicos	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro diario de traballo que había que rematar. - Corrección do traballo realizado na casa.
Valoración de actitudes na aula (Escoita, esforzo, participación e colaboración)	10%	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro de participación - Rexistro de actitude na clase.

PLÁSTICA:

- As realizacións plásticas propias: 40 %
- A súa actitude e esforzo: 20%
- A participación nas actividades voluntarias: 10%
- A cooperación cos compañeiros e compañeiras: 20%
- Coidado de material: 10%

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

- A súa actitude e esforzo: 20%
- A participación nas actividades voluntarias: 10 %
- Coidado do material: 20 %
- A súa participación activa no traballo en equipo cooperativo: 50 %

E no caso de darse MODALIDADES NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, valoraranse e adaptaranse novos procedementos dada a situación que se produza pola crise sanitaria.

9. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase a primeira semana de clase diferentes tipos de probas ou situacións que versarán sobre contidos do nivel anterior tanto de Lingua como de Matemáticas, traballados antes e despois do período de peche dos centros, o 16 de marzo. Desta forma avalíase o grao de coñecementos previos do alumnado, a súa expresión escrita, oral, ortografía e capacidade de enfrontarse a diferentes proba semellante ás que terá ao longo do curso.

Farase moito fincapé no estado emocional que amose o noso alumnado para afrontar este periodo tan variable e inestable que lles vai tocar vivir e no cal están moi implicados/as.

A notas procedentes destas probas, non se terá en conta para facer media coas seguintes notas do curso., só se empregarán como información para saber de que nivel se parte.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Descrición do grupo:

Número de alumnos/as: 24

Para facer este informe teremos en conta diferentes aspectos como:

- Funcionamento do grupo (falan moito, doados de motivar, mentes moi inquedas e creativas, nove alumnos carecen de autonomía á hora de traballar). Dentro deste grupo tan diverso hai un alumno que acadou todos os obxectivos de 2º E.P pero con apoios fóra e dentro da aula, xa repiteu 1º de EP e con novos informes do CHUS; un alumno que pasou de curso con algunha materia suspensa pendente de informes do CHUS; hai dous alumnos con altas capacidades; un alumno

diagnosticado de TDHA e unha nova matrícula provinte doutro centro. Pedirase valoración ao Departamento de Orientación para analizar e tomar medidas de todos estes casos e sobre todo polo que supuxo o periodo de confinamento para eles.

- As necesidades identificadas na clase de 24 alumnos e alumnas fan que planifique diferentes estratexias metodolóxicas que fomenten a socialización de todo o grupo e sobre todo corregir certos comportamentos que non favorezan á convivencia no grupo...conseguindo así dentro da aula un bo ambiente, sobre todo de compañeirismo. Para isto a colocación das mesas e a agrupación do alumnado irá variando ao longo do curso para adaptarse ás necesidades que vaian xurdindo.
- Niveis do alumnado:

Na aula de 24 alumnos hai unha diferenciación de tres niveis de alumnado :

- Un primeiro nivel moi bo
- Un segundo nivel normal
- Un terceiro nivel baixo (trátase de alumnos que necesitan de apoio na aula ou fóra, pendente de orientacións e horarios do departamento de orientación).

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Cómpre ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non-dagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos procedimentais e actitudinais, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

- ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiáveis con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- ENSINANZA TORIZADA.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS, AO PLAN TIC, AO PROXECTO LECTOR, AOS HÁBITOS SAUDABLES, AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. Ás competencias

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas da vida cotiá partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias da Natureza pídennos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar ao alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

2. Ao Plan TIC

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades das distintas áreas para Terceiro Curso, que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Medios telemáticos individuais</i>	Tablets, ordenadores ou proxecto Snappet
ROBÓTICA	Proxecto de introducción á ROBÓTICA
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web na aula virtual</i>	Actividades interactivas (aplicables no encerado dixital interactivo): O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

A aula de informática conta con 11 ordenadores pero acomodar a 24 alumnos para traballar alí resulta un pouco complicado pola perda de tempo que supón cambiar de aula a tantos nenos e nenas, co traslado de material correspondente, e sobre todo que é moi difícil cumprir o distanciamento de seguridade polo que teremos que procurar outras alternativas que se están anlizando con dirección como **ordenadores abalar** ou **outras opcións**(**tablets**, **proxecto Snappet** ou similares, pendentes de avaliar) sobre todo para prever outro posible confinamento ou ensino non presencial ou semipresencial con traballo telemático.

3. Ao Plan Lector

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora poden ser:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e o tema da unidade en casa.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).

- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Realización de dramatizacións a partir de un texto traballado.
- Expresión das súas propias experiencias e sentimentos.
- Na terceira sesión, despois do recreo, adicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva en distintos formatos (plan lector do centro).
- Lectómetro
- Cadernillo Plan Lector

4. Ao Plan Escritor

Algunha das actividades propostas para desenvolver esta competencia escritora poden ser:

- Visualizar diferentes tipos de textos
- Creación de diferentes tipos de textos
- Cadernillo Plan Escritor

5. Aos Hábitos saudables

Para promover **Hábitos saudables**, este curso seguimos inmersos en Distribución de froitas e derivados lácteos FOGGA, promovendo así o consumo diario dunha boa alimentación, como froitas, lácteos, etc, e a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, inculcando hábitos de vida activa, saudable e autónoma. Tamén seguiremos un calendario semanal de **merendas saudables**, para que estas sexan sans e variadas, asegurando así o consumo de froita, lácteos, etc.

A celebración de aniversarios farémola na data correspondente a cada alumna/o cun simulacro de soplado de velas nunha torta falsa e cunha canción para facer algo especial ese día, sobre todo polo momento que estamos vivindo. Trátase de facer ao alumnado o protagonista do seu día especial

6. Ao Plan de convivencia

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Desde o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, pais, nais e alumnos/as,...) que conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflito. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro.

Dende o noso nivel teremos en conta o protocolo de actuación ante situacións conflictivas; os titores/as faran coñecer ao grupo as normas establecidas no Regulamento de Réxime Interno do centro propoñendo situacións imaxinadas nas que poñer en práctica o protocolo (un alumno/a dedícase a poñer motes a outros, un alumno/a pega aos compañeiros/as, un alumno/a entra tódolos días tarde na aula...); igualmente elaboraranse as normas básicas da aula e faranse saber aos alumnos/as os seus dereitos e deberes. Traballarase sobre todo na resolución de conflitos a nivel alumnado para conseguir unha maior autonomía nas súas actuacións a si facelos protagonistas no senso de mellorar a convivencia do noso centro.

No protocolo tamén se indica que en casos de maior gravidade participará na valoración do alumnado o Departamento de Orientación e, cando así se considere, intervirá o Equipo Directivo para valorar a sanción a aplicar. Presentación e dar a coñecer o Plan de Convivencia do centro, así como o protocolo do comedor.

7. Ao Proxecto lingüístico

Potenciarase o uso correcto do galego oral e escrito, empregando esta lingua como un ben preciado do noso patrimonio cultural e artístico. Favorecerase diariamente a expresión das propias vivencias de forma correcta, así como de aspectos da nosa cultura. En relación co proxecto lingüístico, dende o 3º nivel imos contribuír con todas aquelas actividades propostas polo EDLG, tendo en conta as celebracións do Día da Biblioteca, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día da Poesía, en relación tamén co eixo vertebrador do curso: **“Medio ambiente e saúde”**.

Faremos as lecturas pertinentes tendo en conta tamén os autores/as que veñan ao colexio, se as condicións sanitarias o permiten.

12. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese, e sobre todo polo efecto do periodo de confinamento ao que estiveron sometidos dende o 16 de marzo. Tratando de crear programas de reforzo para aquel alumnado que sufriu diferentes tipos de brechas(dixital ou académica) pola situación vivida , xa que cada familia é particular e un cúmulo de circunstancias.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos/as alumnos/as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- O libro do alumno para a área a traballar.
- As propostas didácticas para cada unha delas.
- Os recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros e avaliación.
- Os materiais dixitais asociados ao tema tratado
- Ordenadores
- Tablets, móbil ou ipad
- Xogos didácticos
- Proxectos de investigación
- CD audio .

- Genially
- Book creator
- Plan lector: recomendación de tres libros con seus correspondientes proxectos de animación á lectura e Taller de escritura para cada uns dos libros recomendados, accesible a través da web de Anaya Infantil y Juvenil www.leerenelaula.com/planlector/
- Plan escritor
- Bingo ortográfico: unha proposta lúdica para traballar as regras ortográficas.
- Libro viaxeiro: unha proposta lúdica para traballar a creatividade.
- Pósteres de reforzo visual para diferentes contidos de todas as materias.
- O meu diario.
- Creación propia de recursos atractivos para o alumnado
- ...

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse por nivel facendo polo menos **unha saída ao trimestre**, pero deixando aberta a posibilidade de máis se así o requiren outros proxectos nos que participemos, se é o caso, e sempre suxeitas as normas marcadas polo Plan de adaptación á situación COVID e as normas médico sanitarias.

Dende a Biblioteca e Dinamización propúxose un tema vertebrador, este ano **MEDIO AMBIENTE E SAÚDE**, polo que tamén faremos actividades complementarias referentes ao tema, que nos servirán para reforzar os contidos traballados nas outras disciplinas e tamén como recurso para a revista RULAR, de edición anual no centro e que se supón realizala este curso, xa que no anterior non se fixo.

Participaremos de cheo en todas as actividades propostas polos equipos do centro: Biblioteca, Dinamización, Tic así como nas diferentes celebracións conmemorativas tanto a nivel colexio como pequeno grupo, sempre seguindo as normas do Plan de adaptación á situación COVID evitando aglomeracións.

Celebraranse diferentes actividades con carácter mensual, elexido polas coordinadoras de EDNL, Biblioteca e Actividades Extraescolares/complementarias:

OUTUBRO	Magosto
NOVEMBRO, 25	Día Internacional contra a Violencia de xénero
DECEMBRO, 10	Día Da Declaración universal dos Dereitos Humanos
XANEIRO,24	Día Internacional da Educación
FEBREIRO, 24	Día de Rosalía de Castro
MARZO, 8	Día da Muller Traballadora
ABRIL, 7	Día Mundial da Saúde
MAIO	Semana das Letras Galegas
XUÑO, 5	Día do Medio Ambiente

Así como outras que se traballarán a nivel de aula como Día do sorriso, Día da poesía, Día do bico, Día da felicidade, Día da auga, Día dos bosques... así como saídas ao entorno e fóra do entorno, seguindo as instrucións sanitarias e as do plan de adaptación á situación COVID

15. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Pretendemos que o presente proxecto didáctico sexa un proxecto realista, que se poida desenvolver na súa totalidade sen que se bote en falta algún tema que debería ser tratado pero sen que tampouco se traten contidos que puideran ter a consideración de máis ou menos superfluos. Por estas razóns este proxecto é fundamentalmente un proxecto de mínimos, de tal xeito que teñen esta consideración todos os contidos de carácter conceptual que se recollen nas diferentes unidades didácticas, resultando especialmente relevantes os que se detallan a continuación para cada unha das materias:

MATEMÁTICAS

- Descomposición e composición de números de ata 5 cifras, segundo a orde de unidades e o valor posicional das súas cifras.
- Equivalencias entre as distintas ordes de unidades de un número.
- Comparación e ordenación de números.
- Aproximación de números á centena ou unidades de millar máis próxima.
- Lectura e escritura de números cardinais e ordinais.
- Algoritmo de suma con levadas.
- Algoritmo da resta con levadas con cantidades de igual ou diferente número de cifras.
- Proba da resta.
- Resolución de problemas nos que intervén a suma ou a resta.
- Transformar euros en céntimos e viceversa.
- Manexar con soltura as equivalencias e cambios de moeda.
- Expresar cantidades de diñeiro (euros e céntimos) utilizando os números decimais como dotación.
- Resolver problemas de compravenda en situacións cotiás.
- Concepto de multiplicación como expresión abreviada da suma de sumandos iguais.
- Os termos da multiplicación.
- Construción e memorización das táboas do cero ao dez.
- Dominio do algoritmo da multiplicación $\times 10$, $\times 100$, $\times 1000$.

- Dominio do algoritmo de multiplicar números de varias cifras por números dunha cifra sen levar.
- Dominio do algoritmo de multiplicar números de varias cifras por números dunha cifra levando.
- A realización de reparticións de forma manipulativa e gráfica.
- A realización de divisións con dividendos de ata dúas cifras e divisores dunha cifra.
- Resolución de sinxelos problemas nos que intervén a división.
- Concepto de fracción como parte da unidade.
- Identificación e representación dunha fracción nun diagrama previamente dividido en partes iguais.
- Elementos e nomenclatura. Lectura e escrita.
- Comparación dunha fracción coa unidade.
- Cálculo de metade, a terceira parte ou a cuarta parte dunha cantidade sinxela.
- Unidades corporais de medidas de lonxitudes: palma, paso, pé...
- Unidades de medida do sistema métrico decimal; a unidade universal: o metro; unidades menores: decímetro, centímetro e milímetro; o quilómetro.
- Estimación de lonxitudes, realización de medicións, elección da unidade axeitada coa lonxitude a medir.
- Unidades non convencionais de medida de capacidades e de pesos.
- Unidades de medida de capacidade: o litro, o cuarto de litro e o medio litro. Equivalencias.
- Unidades de medida de peso: o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo. Equivalencias.
- A comprensión e a elaboración de mensaxes que inclúan cuantificacións de capacidade en litros e de peso en quilos.
- División do día en 24 horas.
- Dominio dos ciclos do día nos seus dous formatos (12 e 24 horas).
- División da hora en minutos.
- A estrutura do ano en trimestres, meses e semanas.
- Lectura do reloxo analóxico e do dixital.
- Lectura do calendario e da data.
- Os distintos tipos de liñas: recta, curva, poligonal, ondulada e espiral.
- Posicións relativas: paralelas, secantes e perpendiculares.
- Ángulos e elementos.
- Clasificación de ángulos: rectos, agudos e obtusos.
- Destreza no manexo dos instrumentos de debuxo.

- Utilización dos termos aprendidos na descrición do ámbito.
- Clasificación dos corpos xeométricos: prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas.
- Elementos dos corpos xeométricos: caras, arestas e vértices.
- Idea de polígono.
- Elementos dos polígonos: lados, ángulos e vértices.
- Clasificación dos polígonos segundo o número de lados.
- Elementos de triángulos e cuadriláteros: lados, vértices e ángulos.
- Clases de triángulos segundo os seus lados e segundo os seus ángulos.
- Cuadriláteros paralelogramos (identificación).
- Clases de paralelogramos.
- Conceptos de circunferencia e de círculo.
- Elementos básicos da circunferencia e do círculo.
- Cálculo da lonxitude do diámetro coñecido o radio e viceversa.
- Trazado de circunferencias co compás.
- Utilización do compás para o trazado de circunferencias de radio dado.
- Trazado de radios e diámetros coa regra.
- A construción de táboas para a recollida de datos. A lectura e interpretación de datos recollidos en táboas.
- A lectura e interpretación de gráficas de barras, de pictogramas e de gráficas de liñas.

CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS

- Os movementos da Terra, as fases da Lúa e as estacións.
- Os cambios nas diferentes etapas da vida.
- As capas da Terra, as formas do relevo e os tipos de paisaxes.
- O uso de planos do barrio ou localidade, e de mapas de España e da comunidade autónoma.
- A composición da atmosfera e os fenómenos atmosféricos.
- A distribución das augas do planeta, os usos da auga e o proceso de obtención, potabilización, distribución e depuración.
- Aproximación aos instrumentos meteorolóxicos.
- Factores que fan posible a vida na Terra e os medios existentes nela.
- As funcións vitais como característica que definen aos seres vivos.

- Aproximación ao coñecemento da existencia de múltiples formas de vida.
- Características e clasificación dos vertebrados e invertebrados.
- Interese polo estudo dos animais utilizando distintos medios.
- As funcións vitais nas plantas. Clasificación das plantas en función do seu talo.
- Procedementos xerais para estudar as plantas.
- A morfoloxía do propio corpo.
- Características e función do aparato locomotor.
- Identificación das diferenzas sexuais e respecto cara ao outro sexo.
- Recoñecemento das particularidades da especie humana e da responsabilidade que temos na evolución do planeta.
- Os alimentos e as funcións das substancias que os compoñen.
- As características dunha dieta sa e os hábitos alimentarios saudables.
- Actividades saudables e organización do tempo de traballo e de ocio.
- Actitude favorable para a incorporación de hábitos de saúde e hixiene e de pautas que faciliten a organización do tempo e o consumo responsable.
- A materia e enerxía. Materiais naturais e artificiais.
- Propiedades e aproveitamento humano dos sólidos, os líquidos e os gases.
- Identificación de fenómenos nos que se mostra a enerxía en distintas formas.
- Posta en práctica de accións para reciclar, reducir e reutilizar.
- Un método básico para coñecer a natureza e os seus cambios: a observación e o rexistro de datos, a experimentación e a proposta de respostas.
- Os estados da auga e os cambios de estado. O ciclo da auga na Terra.
- Utilización cuidadosa de materiais e instrumentos nas experiencias.
- Os produtos naturais e elaborados e os traballos que se realizan neles.
- Os servizos, tipos de servizos e traballos que se realizan neles.
- Traballos remunerados e non remunerados.
- Valoración dos traballos remunerados e non remunerados.
- Ferramentas, instrumentos e máquinas, e o seu uso en distintas actividades.
- Comparación de actividades realizadas con máquinas e sen elas e valoración da contribución das máquinas ao benestar e ao progreso.

- Disposición a incorporar pautas de uso racional das máquinas e aparatos do seu ámbito, e cara ao aforro de enerxía.
- As relacións de convivencia e a repartición das tarefas domésticas.
- Estrutura e composición dun colexio, e función dos seus membros.
- Valoración e respecto polas diferenzas de orixe, culturais e lingüísticas.
- Disposición favorable e non sexista para asumir tarefas domésticas e actitude reflexiva na análise de conflitos e na realización de propostas para mellorar a convivencia e o rendemento no estudo.
- Pobos e cidades. Os barrios. Os cidadáns.
- Elementos, organización e funcionamento das localidades.
- Disposición favorable para asumir pautas e consellos que melloren as condicións físicas da localidade e a convivencia entre os cidadáns.
- Respecto polas normas e sinais de tráfico.
- Valoración das producións artísticas e culturais da localidade.
- Pasado, presente e futuro. A historia, a historia persoal e a historia local.
- A medida do tempo histórico e as fontes e as idades da historia.
- Identificación de fontes de cada idade da historia.
- Curiosidade por coñecer feitos históricos da súa historia, da súa localidade.
- Valoración das fontes e dos estudos históricos.

LINGUA GALEGA

- Utilizar o dicionario.
- Diferenciar entre linguaxe e lingua e diferenciar o galego no conxunto das linguas románicas.
- Expresarse de forma adecuada, segundo se manexe a lingua oral ou a escrita.
- Recoñecer as características propias da poesía, fronte a outros tipos de textos.
- Identificar sinónimos de palabras dadas.
- Distinguir o suxeito e o predicado dunha oración.
- Recoñecer as sílabas que forman unha palabra e clasificar palabras segundo o número de sílabas.
- Identificar a sílaba tónica das palabras e o acento gráfico.
- Recoñecer antónimos de palabras dadas.
- Identificar as diferentes clases de palabras.

- Saber acentuar as palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Identificar as características formais de mensaxes escritas á man e electrónicas.
- Recoñecer os distintos significados das palabras polisémicas.
- Identificar as distintas clases de substantivos.
- Diferenciar entre ditongos e hiatos e clasificar os ditongos.
- Elaborar a ficha bibliográfica dun libro.
- Identificar palabras homónimas.
- Coñecer e utilizar algunhas regras de formación do feminino e do plural dos nomes.
- Usar o til diacrítico e de discriminar os significados de palabras con til diacrítico e sen el.
- Diferenciar entre rima asonante e consonante e recoñecer unha metáfora.
- Identificar a estrutura morfolóxica das palabras.
- Distinguir os artigos determinados e os indeterminados e formar contraccións.
- Usar correctamente o punto e as maiúsculas.
- Recoñecer a persoa en que está narrado un texto.
- Formar palabras novas mediante prefixos.
- Identificar e clasificar as formas dos determinantes demostrativos e posesivos.
- Empregar correctamente a coma e o punto e coma.
- Identificar as partes dun conto.
- Identificar os sufixos, saber que información achegan e crear palabras novas con eles.
- Identificar e clasificar as formas dos determinantes numerais e indefinidos.
- Aplicar as normas de uso do guión e partir correctamente palabras ó final de liña.
- Diferenciar entre o estilo directo e indirecto.
- Formar palabras derivadas.
- Identificar os graos do adxectivo.
- Escribir correctamente palabras con “h”.
- Formar xentilicios a partir duns topónimos dados.
- Identificar as formas do pronome persoal tónico.
- Escribir correctamente palabras con “v”.
- Saber describir ambientes.

- Identificar e formar palabras compostas.
- Identificar as formas dos pronomes persoais átonos e utilízasas correctamente.
- Escribir correctamente palabras con “x”.
- Recoñecer repeticións e anáforas nos poemas.
- Clasificar verbos segundo a súa conxugación.
- Analizar a estrutura morfolóxica das formas verbais.
- Escribir correctamente palabras con “b”.
- Facer a descrición dunha persoa.
- Identificar castelanismos comúns e a forma correcta galega que corresponde.
- Recoñecer o modo das formas verbais e conxugar verbos regulares.
- Escribir correctamente palabras con “ll” e con “i”.
- Saber redactar un aviso.
- Identificar e clasificar adverbios.
- Usar correctamente os grupos “pt”, “pc” e “b” + consoante.
- Recoñecer un texto teatral.
- Agrupar palabras en campos semánticos.
- Identificar as preposicións e usalas correctamente.
- Usar con corrección palabras cos sufixos “-nza” e “-ncia”.

LINGUA CASTELÁ

- Saber o nome das letras e as súa orde alfabética.
- Distinguir as sílabas e as letras que forman unha palabra.
- Utilizar as maiúsculas ao comezo dun escrito e detrás dun punto.
- Saber identificar sinónimos propios do vocabulario básico.
- Saber ampliar unha oración.
- Distinguir sílaba tónica de sílaba átona e dividir unha palabra en sílabas.
- Aproveitar a lectura para falar do enriquecemento persoal que supón viaxar.
- Interesarlles polo léxico, as expresións propias, os acentos, etc., doutros lugares.
- Ensinar a buscar entradas no dicionario.

- Saber aplicar con exemplos o concepto de palabra polisémica.
- Aplicar correctamente o uso das maiúsculas en exemplos escritos.
- Asociar correctamente as grafías “ca”, “co”, “cu”, “que”, “qui” coa súa pronunciación.
- Diferenciar os nomes comúns dos propios.
- Diferenciar sinxelas descrições escritas de animais.
- Identificar parellas de palabras distintas que expresan oposición de xénero.
- Usar correctamente a coma na enumeración e a “r”, “rr” en palabras sinxelas.
- Identificar os adxectivos e usalos.
- Identificar noticias e lelas oralmente co ton axeitado.
- Expresar o significado de frases feitas usadas habitualmente.
- Escribir correctamente palabras rematadas en –d ou en –z.
- Distinguir as palabras polo seu xénero e polo seu número.
- Identificar en poesía as palabras que riman.
- Recitar poesías con ritmo, ton e expresividade.
- Distinguir as terminacións –ero, -era e –ería en exemplos.
- Escribir correctamente palabras rematadas en –illo e –illa e palabras cos grupos “mp” e “mb”.
- Coñecer os artigos e escribilos diante dos nomes respectando as normas de concordancia.
- Recoñecer palabras derivadas estudadas.
- Escribir correctamente palabras cos grupos “bl” e “br”.
- Utilizar axeitadamente os diferentes determinantes demostrativos.
- Recoñecer os indicadores do tempo nos textos narrativos.
- Formar antónimos utilizando os prefixos desa- e in-.
- Escribir correctamente palabras que empezan por “hie” e “hue” e as que levan as letras “c” ou “z”.
- Recoñecer os determinantes posesivos e numerais.
- Distinguir os elementos esenciais dunha carta.
- Distinguir diminutivos rematados en –ito, -ita, -illo e –illa.
- Escribir correctamente os sons: ga, gue, gui, go e gu.
- Recoñecer o pronome persoal.
- Distinguir os aumentativos e coñecer a súa formación.

- Escribir correctamente as formas dos verbos: “haber, facer e falar”.
- Recoñecer o verbo e saber corresponder as distintas formas co infinitivo axeitado.
- Identificar a estrutura dun relato.
- Distinguir e formar palabras compostas.
- Identificar correctamente os verbos rematados en –aba, -abas...
- Identificar o presente, pasado e futuro dos verbos.
- Recoñecer un texto explicativo.
- Expoñer oralmente un tema.
- Recoñecer palabras que pertencen á mesma familia léxica.
- Escribir exemplos de verbos rematados en –bir e en –vir.
- Completar oracións ás que lles falte o suxeito ou o predicado.
- Describir o aspecto físico dunha persoa.
- Recoñecer o significado común dun campo semántico.
- Norma ortográfica dos verbos en –ger e –gir e as súas excepcións.
- Distinguir oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.
- Normas de puntuación dos diálogos en relatos e obras de teatro.
- Interpretar papeis dramáticos sinxelos.
- Construír comparacións coa palabra “como”.
- Relacionar o son “güe, güi” coa presenza da diérese.
- Coñecer as comunicacións bilingües de España.
- Recoñecer algúns recusos poéticos.
- Recitar poemas co ton axeitado.

16. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

No curso de terceiro nivel de E. Primaria ao longo de cada unha das tres avaliacións desenvolveranse os seguintes contidos nas áreas de L. Galega, L. Castelá e Matemáticas:

- 1ª avaliación: unidades didácticas 1,2,3,4
- 2ª avaliación: unidades didácticas 5,6,7,8
- 3ª avaliación: unidades didácticas 9,10,11,12

En Ciencias Sociais e Ciencias Naturais abordaranse os seguintes contidos:

- 1ª avaliación: unidades didácticas 1,2
- 2ª avaliación: unidades didácticas 3,4
- 3ª avaliación: unidades didácticas 5,6

En Plástica e valores cívicos e sociais levarase por proxectos e necesidades adaptándoos sempre aos temas traballados noutras áreas de maneira interdisciplinar ao longo de todo o curso.

17. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Coa avaliación pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Pódese utilizar unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	QUE SE VAN DESTACAR...	QUE SE VAN MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Arzúa, a 10 de setembro de 2020

Rosa María Cajade Rodríguez